

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · xullo - agosto - setembro 2004]

Entidades en apoio á Planta de Gas fora da Ría

HISTORIAL DE ACCIDENTES OCURRIDOS EN LA RIA DE FERROL Y CIRCULOS DE RIESGOS PARA ACCIDENTES POSIBLES EN UNA PLANTA DE GAS O EN UN GASERO DENTRO DE LA RÍA


Plano cedido gentilmente por Manuel Afonso Domíngues. Procede de su trabajo: "PLANTA DE GAS NATURAL LICUADO (GNL) DE LA RIA DE FERROL. SU UBICACIÓN Y RIESGOS POTENCIALES", Escuela Universitaria Politécnica. Universidade da Coruña. Maio, 2004

ARTIGOS

O Artista da Fame

A Galiña cos sete pitiños

Plaza de Amboage




nº 16





SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 16
Xullo-Agosto-Setembro
2004

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Xavier Pita Seixo

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Juan J. Burgoa, Ricardo Pena, Tono da Graña, Carlos Alberto Alonso, André Pena, Carlos Piñeiro Díaz, Francisco Riveiro Sanjurjo, Elia Rico Lagarón, Hortensia Pérez Landeira, Óscar Curros Moure, Pedro Fraga Da-Cal.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: BODEGA 147, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, MULTIÓPTICAS-CALLAO, RADIO FILISPIN, CAIXAGALICIA, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CENTRO COMERCIAL ABERTO.



Logo dun proceso cheo de irregularidades, de indicios fundados de prevaricación, de contubernios político-empresariais, de denuncias e informacións técnicas contrastables silenciadas pola prensa cómplice, despois de dous anos ocultando e falseando a información á que temos dereito por lei, con total desprezo á normativa aplicable, os PROMOTORES da Planta de Regasificación en Mugardos, comezaron irresponsablemente a construcción dos dous primeiros tanques da planta.

Non parece que esteamos nun Estado de Dereito pois se pasa por riba do sentido común, da legalidade, das Directivas Europeas.

Fundado en 1879

Os avances tecnolóxicos que amplían as posibilidades de situación, o acoso do terrorismo internacional, a preservación do medio ambiente en espazos sensibles, a obriga de respectar as distancias á poboación, e de informar a esta que ten dereito a ser escoitada, os preceptivos estudos e dictames de impacto e de riscos, non feitos, a acumulación de industrias perigosas co posible efecto "dominó", a incompatibilidade co entorno inmediato –base naval, riqueza marisqueira, patrimonio cultural, cidade da ilustración, etc.– todo isto e máis foi olimpicamente ignorado, desprezado e pisado por un dos promotores (REGANOSA), co silencio cómplice, e sobre todo coa participación directa para burlar todo e a todos, da XUNTA DE GALICIA, partícipe nun 10% do negocio que sendo xuíz e parte aporta papeis, facilita permisos, inflúe nas instancias do Estado e Europa para silenciar todo e seguir avanzando na consumación do DISPARATE.

A credibilidade do Goberno Galego de D. Manuel, que xa quedou tocado dabondo co episodio pouco divulgado do encoro do UMIA, queda polo chan nesta nefasta actuación.

De momento, a Comisión Europea non arquivou o expediente aberto contra o Reino de España como o PP intentou, e tamén segue aberta a vía administrativa e máis varias xudiciais para paralizar este atentado. Nese caso, que se producirá tarde ou cedo, os promotores saben que é posible que teñan que ser indemnizados, pero iso non parará a acción do que é xusto e necesario.

A compensación e solución doada para todos está clara: FACILITAR A UBICACIÓN DA PLANTA DE GAS NO EXTERIOR DA RÍA:

- EN TERRA, no Porto Exterior

- NO MAR, IZAR FENE recibiría con entusiasmo o encargo dunha PLATAFORMA que xa ten deseñada dentro dos seus productos.


HAI QUE SER CEGO TOTAL, E DIRÍA QUE MALVADO para non ver as vantaxes desta SOLUCIÓN. ⌘

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



Utopías. Nº 198
Revista de debate político
ISSN: 1133-567X



Dez Eme. Nº 8
Revista de historia e ciencias sociais da Fundación 10 de Marzo
ISSN: 1576-4044



Ferroltren. Nº 2
Boletín de la asociación ferrolterra amigos del ferrocarril


MAREA NEGRA

Publicación periódica de pensamento anarquista

Iraq: as cousas caen polo seu peso

sumario

EDITORIAL: Iniciando un novo camiño

Contra la Épica

POLÉMICAS: Toxicidade e velocidade

Dossier: Antiterrorismo irracional

Ferrol ergue a súa candidatura como "Desgracia da humanidade"

IZAR: Unha visión crítica desde Andalucía

HISTORIA: Memoria anarquista do Centro galego do río de Janeiro

A outra cara do terror

A Arte: ¿É arte a que din que é os que falan de arte?

Sinodoloxía e outras paranoias

Somos demasiado jóvenes, no podemos esperar más

• Breves
• Convocatorias

Marea Negra. Nº 1
Publicación periódica de pensamento anarquista
DL: C-942-2004



El Virus mutante. Nº 1
DL: M-23691-2004





Imagen y Comunicación.
Nº 52
DL: C-1874-1999



Andaina. Nº 37
Revista galega de pensamento feminista
DL: C-1.146-1988



Tempos. Nº 84
Revista mensual de información para o debate
ISSN: 1137-6945


PRENSA

Diario de Ferrol
Faro de Vigo
Galicia Hoxe
Novas da Galiza
La Voz de Galicia
Le Monde Diplomatique
A Nosa terra
El País
El Correo gallego
El Mundo



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS




Ramón del Valle-Inclán. 1866-1936
Mª Eva Ocampo Vigo
Ed. Fundación Valle-Inclán
ISBN: 84-699-8794-L



Cuentos españoles del S. XIX
José A. Ponte Far
Ed. Anaya
ISBN: 84-207-1278-7




Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular
Juan José Burgoa Fernández
Edicións do Castro
ISBN: 84-8485-101-X



Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego.
6 vols
Ed. Museo do Pobo Galego
ISBN: 84-88908-11-3

ESTA A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS, O CATÁLOGO INFORMATIZADO DOS FONDOS DA BIBLIOTECA.




Resistencia, guerrilla e represión. Causas e consellos de guerra. Ferrol, 1936-1955
Bernardo Máiz Vázquez
Edicións A Nosa Terra
ISBN: 84-96203-61-1



Rogelio Groba. Meditacións en branco e negro
Manrique Fernández
Edicións Xerais
ISBN: 84-8302-475-6





El carnaval del filósofo
Eduardo Fra Molinero
Ediciones Hontanar
ISBN: 84-95728-20-6



Rumbo variable. Conversaciones entorno al Prestige
Ed. Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre
ISBN: 84-9757-113-4


NON
Ó PR€STAMO
D€ PAGO
€N BIBLIOTECAS



¿PERO QUEN DEMO É ALAN SMITHEE

ALAN SMITHEE




Carlos Alberto Alonso
(www.asmuxicas.com)

¿Qué opción lle queda a un cineasta norteamericano cando as durísimas e decisivas etapas posteriores á filmación (cortes de montaxe, retoques de última hora que estiran ou mutilan o guión) converten o seu filme nunha sombra do que se propuxera realizar? Dispón de tres posibilidades: a resignación, os pleitos xudiciais (a miúdo aínda máis tortuosos que a posproducción) ou a opción de recorrer ó pseudónimo de **Alan Smithee**, o director fantasma que xa estampou a súa firma ó pé de máis de 50 longametraxes.

Todo comenzou en 1969, cando **Robert Totten** e **Don Siegel** (que dirixira en 1956 o clásico **La invasión de los ultra cuerpos**) decidiron retirar os seus nomes de **Death of a Gunfighter** (Morte dun pistoleiro), insatisfeitos coa montaxe que impuxera o productor. O *Directors Guild of America*, o poderoso sindicato que organiza ós directores estadounidenses, ocorréuselle inventar entón a **Alan Smithee**, un pseudónimo que serviría para suplantar ó director auténtico no momento en que os executivos dos estudios se excederan nas xa de por si xenerosas facultades de control que lles adxudica o *americano way of filming*. As *test screenings*, esas proxeccións previas á estrea ante espectadores rigorosamente seleccionados, que case sempre animan ós empresarios cinematográficos a estropear os filmes (por exemplo cambiando os finais contundentes por empalagosos *happy ends*), e nas preocupantes operacións de marketing, que deixan boa parte da responsabilidade en mans dos executivos en detrimento dos autores, auguran bo futuro ó bo de **Smithee**.


«Hoxe en día o pseudónimo xa é un director ilustre. Figura en toda enciclopedia de cine que se prece, a miúdo sen aclaracións de por medio, co que máis dun cinéfilo desprevido o ten por un director de carne e óso».



Hoxe en día o pseudónimo xa é un director ilustre. Figura en toda enciclopedia de cine que se prece, a miúdo sen aclaracións de por medio, co que máis dun cinéfilo desprevido o ten por un director de carne e óso. Tamén é, sen dúbida algunha, o máis polifacético dos realizadores norteamericanos: **Dennis Hopper**, **Martin Brest**, **David Lynch**, **John Frankenheimer**, **Stuart Rosemberg**, **Richard C. Sarafian** e **Arthur Hiller**, entre moitos outros, ocultáronse algunha vez detrás da controvertida firma. A orixe do nome é incerta: algúns din que se escolleu o apelido máis común en Estados Unidos, Smith, agregándoselle a dobre "e" para non ensuciar o nome dos verdadeiros Alan ou Allen Smith. Outros máis creativos, ou suspicaces, aseguran que se trata dun anagrama composto a partir da frase "The Alias Men". Os menos din que foi mera casualidade.

As tres décadas do espectral **Smithee** están marcadas polo desprezo dos críticos: a guía do afamado **Leonard Maltin** raramente concede máis de dúas estrelas entre catro ás súas películas. Pero entre todas as espiñas na filmografía do director fantasma poderían destacarse varias, e por diferentes motivos:


Ruby (1977) de **Curtis Harrington** narra a historia dunha antiga estrela de cine no ocaso, que rexenta un autocine especializado en cine terrorífico, está situado xunto a un lago onde no seu momento arroxará os cadáveres dos seus inimigos o seu antigo amante, un famoso gángster. A muller posuída polo espírito do finado delincuente dedicase durante toda a metraxe a masacrar espectadores. A pesar da obvia pobreza económica da producción e o menos que mediocre argumento, a trama sobrecolleu a uns cantos, grazas ó talento sen igual do seu realizador. Pero a pesar de todo, o bodrio foi inevitable, o gran **Harrington**, amante de imprimir unha fascinante estética decadente ós seus filmes, nin sequera puido terminar a película á súa maneira; ó final, cun epílogo ó máis puro estilo **Carrie** (1976) de **Brian de Palma,** insertado polos bispados productores, provocou que o director, cabreado e con razón, decidira travestirse en **Smithee**.



Backtrack (1989), do eterno maldito **Dennis Hopper**, era un verdadeiro pestiño, co propio **Hopper** como o asasino a soldo que se namora dunha das súas víctimas, nada menos que **Jodie Foster**. Pero o saudable cóctel de *roadmovie* combinado con *film noir* ó que se pretendía invitar ó espectador, non acabou de callar, e

rematou ofrecendo unha obra deslavazada e con toda seguridade allea á vontade de **Hopper**. O indescriptible desastre sopórtase moi mal, alivia un pouco ver desfilar pola pantalla a: **Dean Stockwell**, **John Turturro**, **Charlie Sheen, Joe Pesci, Fred Ward, Vincent Price** ou ó mesmísimo **Bob Dylan**... pero despois da primeira hora o despropósito resulta insoportable, e ver tanta estrela desperdiciada termina por indignar. O DVD pódese conseguir nos "todo a cen" (en serio, eu o vin) co título de **Camino de retorno**, unha película de **Alan Smithee**. Non así o *director's cut*; este foi editado polo propio **Hopper** cunha duración de 116 minutos (¡45 máis que a versión oficial!), ó parecer o director quedou así máis tranquilo... a pesar de todo, **Jodie Foster** seguiu sen dar permiso para que o seu nome constara nos títulos de crédito.

Dune (1984), a mastodóntica adaptación da novela de **Frank Herbert** ambientada no ano 1991, foi unha das propostas máis ambiciosas da década dos 80; o proxecto desenvolvido nunha primeira fase polo controvertido **Alejandro Jodorowsky**, que tiña deseñado un extrañísimo filme protagonizado por **Orson Welles, David Carradine, Alain Delon, Mick Jagger, Gloria Swanson, Charlotte Rampling** e **Salvador Dalí** nos seus principais papeis, con **Pink Floyd** ocupándose da banda sonora e a ambientación correndo a cargo de **Moebius, Foss** e **Giger**, pero o temible productor **Dino de Laurentiis** non debeu entender o concepto místico e filosófico formulado por **Jodorowsky, e** finalmente a adaptación caeu en mans de **David Lynch** (renunciando a dirixir **El retorno del Jedi**), que abandonaba así o campo das produccións independentes. O resultado foi un filme fascinante e decadente pero tétrico, no sentido máis amplo da palabra, enormemente meritorio como adaptación e sen nada que ver con todo o que a Ciencia-Ficción cinematográfica ofreceron até entón. A pesar de todo foi un fracaso crítico e comercial que na súa versión para salas de cine levou a firma do director de **Terciopelo azul**; pero cando os imperativos da difusión televisiva a converteron nun culebrón de 190 minutos que incluía unha nova narración e escenas non usadas na versión cinematográfica, **Lynch** converteuse en **Smithee**. O mesmo fixo **Martin Brest** cando a súa romanticona **Esencia de mujer** (1991) –variante norteamericana convencional e aburrida do célebre filme italiano **Perfume de mujer** (1974)– foi severamente censurada para a súa exhibición en avións comerciais.





DVD


Solar Crisis/ Starfire (1990) foi un thriller futurista que contaba cun bo presuposto e actores de prestixio: **Charlton Heston, Tim Matheson, Peter Boyle, Jack Palance**... Sen embargo non resultou do agrado do seu director **Richard C. Sarafian** (un director cunha gran cantidade de filmes entre 1958 e 1986, pero que aparentemente non tería demasiado prestixio que defender) quen fixo figurar nos titulos de crédito ó seu amigo **Alan. The Birds II: The Land's End** (1994) estreouse como unha producción exclusiva para o consumo de TV por cable. Claro que isto non é unha escusa válida para xustificar o bodrio que perpetrou un tal **Rick Rosenthal** coa suposta intención de ofrecer ó mundo unha continuación da xenial obra de **Alfred Hitchcock**, **Los Pájaros,** colaboración de **Tippi Hedren** incluída, para maior ultraxe; firmouna **Alan**, naturalmente. **Hellraiser IV: Bloodline** (1996) foi a cuarta entrega da saga dos cenobitas de **Clive Barker**. Sen dúbida a serie foise degradando a medida que avanzaban as secuelas e a cuarta entrega foi o colapso total; orixinalmente ía ser dirixida polo experimentado **Stuart Gordon** (Re-Animator) pero finalmente terminou en mans do especialista en efectos especiais **Kevin Yagher**. Como é sabido, xeralmente os filmes dirixidos por especialistas en FX non adoitan quedar moi ben que digamos; esta non foi unha excepción e **Yagher** responsabilizou a **Smithee** do desastre.

Destaquemos que **Alan Smithee** traballou tamén para televisión (case dúas ducias de capítulos para series durante tres décadas) dirixindo **Colombo** (episodio Love, on Instant Replay), **MacGyver** (episodios MacGyver e The Heist), **The Twilight Zone 1985** (episodio Paladin of the Lost Hour) e **Los Simpson** (episodio The Simpsons 138th Episode Spectacular!, no que o señor Burns escribe e dirixe unha película que busca alentar ós mozos para que ingresen a traballar na planta nuclear de Springfield) esta última se supón a modo de guiño-homenaxe... aínda que pensándoo ben os últimos capítulos son bastante frouxos.

Hai dous casos paradoxais. Un é o dun productor que se refuxiou en **Smithee** para fuxir dos conflictos que el mesmo provocou durante a rodaxe de **Student Bodies** (1981) un nefasto filme de horror que quixo seguir a corrente ó éxito do **Halloween** (1978) de **John Carpenter**; durante a filmación houbo múltiples problemas, ate tal punto que o citado productor –de nome **Michael Ritchie**– lle deixou o lugar ó noso ubicuo amigo **Smithee**. O outro é **Greystoke, la leyenda de Tarzán** (1984), a escasamente sutil desmitificación antropolóxica do mito de Tarzán levada a cabo por **Hugh Hudson**, cuxo guionista **Robert Towne**, insatisfeito decidiu asinar como **P.H. Vazak** (era o nome do seu can). O filme foi nomeado a un Óscar por mellor guión, **Towne** arrepentiuse e o conflicto resultante empezou a encher de fochas o camiño a **Smithee**. Desde entón, antes de autorizar o uso de **Alan Smithee** o *Directors*












Guild esixe probas contantes e soantes de que o traballo dun autor foi manipulado pola productora. E aínda así, recomenda expresamente ó mesmo non facer públicos os seus motivos, é dicir, calar ante a prensa. Pero como din as nais, ó final todo se sabe.

Un caso en concreto resulta traxicómicamente ilustrativo. Unha superproducción precisamente titulada **An Alan Smithee Film: Burn Hollywood Burn** (1997) (Unha película de Alan Smithee: Hollywood arde en chamas) comandada por un reparto que incluía a **Sylvester Stallone, Ryan O'Neal**, **Whoopi Goldberg** ou **Jackie Chan**, entre moitos outros personaxes representativos do Hollywood actual... cóntanos a historia dun director (**Eric Idle** ex Monty Python) con moitísimos problemas para terminar como quere unha superproducción que lle encomendaron, ie que non pode recorrer ó pseudónimo porque o seu verdadeiro nome é **Alan Smithee**! Segundo din (non a vin, síntoo), esta producción de 10 millóns de dólares, foi a peor película da extensa filmografía do director. Inicialmente encargada a **Milcho Manchevski**, o director de **Before de rain**. Un sen fin de conflictos afastaron a **Manchevski** da producción. Relevouno **Arthur Hiller**, o veterano e reputado director de **Love Story**. Tras unha desastrosa serie de *test screenings*, o guionista **Joe Eszterhas** (Instinto básico) decidiu xogarlle unha mala pasada ó nobre e ancián cineasta e cortou 22 minutos da cinta. O filme foi presentado no Mill Valley Festival o 29 de setembro de 1997... como unha película de **Alan Smithee**.







Experiencias como a deste último filme sumado ós intentos de certos sectores empresariais do medio por ocultar que debaixo do nome **Alan Smithee** había cineastas que sofren e padecen, non axudaban a demostrar cal era o drama dos autores que debían recorrer a este pseudónimo ó non poder controlar a súa obra, a verdade saíu levemente á luz cando o director de **American History X** (1998) **Tony Kayes**, aireou as súas experiencias despois da infernal rodaxe e post-producción que tivo a película, as constantes pelexas co productor e co mesmo **Edward Norton**, que fixeron que quixera desenvolverse do proxecto. Finalmente, e despois de moito pensalo, **Tony Kayes** puxo o seu nome nos títulos de crédito.



Ate tal punto perdeu credibilidade o nome a partires do rocambolesco suceso fílmico **AASF: Burn Hollywood Burn**, que xa lle buscaron un substituto a **Smithee**: o ate agora descoñecido **Thomas Lee**. É este o pseudónimo que utilizaron os directores de **Supernova** (2000), un dos últimos grandes filmes de horror e ciencia-ficción da MGM con luxoso reparto: **James Spader, Angela Basset, Robert Forster, Lou Diamond Philipps...**



Para empezar, o director australiano **Geoffrey Wright** foi expulsado da producción antes da rodaxe (e foi facer **Cherry Falls**), a continuación a dirección recaeu en mans do experimentado artesán **Walter Hill.** A rodaxe non se puido facer como esixía **Hill** por un




problema coa firma que se ía facer cargo dos efectos especiais. O director de **Long ryders** (1980) esixíu 1,5 millóns de dólares para terminar a rodaxe e os directivos de MGM amablemente, déronlle boleto; no seu lugar apareceu **Jack Sholder,** responsable dun clásico dos 80 como é **Hidden: lo oculto** (1987), quen se fixo cargo das rendas de inmediato. Cando estaba por terminar a súa versión cambiou a directiva de MGM. **Sholder** foi despedido. Despois de ter realizado unha inversión considerable, aínda estaba o filme sen rematar, así que chamaron novamente a **Walter Hill** para que o rematara. O problema foi que esta vez **Hill** pediu 5 millóns de dólares por poñer o *The End*. Non houbo acordo. Finalmente a dirección quedou en mans de **Francis Ford Coppola** (si, o mestre volvendo ás súas orixes na Factoría Corman) que a rematou a cambio de 1 millón de dólares, a pesar de que non filmou ningunha escena, rumoréase que incluso se cambiaron dixitalmente as cabezas dalgúns actores. A "peli" anda por algúns centros comerciais españois a menos de 6 euros.

Era obvio que tras unha historia tan complicada, o asento do director ía quedar en mans do noso querido **Alan Smithee**. Sen embargo a xente de MGM considerou que non era apropiado usalo despois da imaxen dada por **An Alan Smithee Film,** xa que era moi probable que tanto o público como a crítica non o acabaran de crer e os 65 millóns de dólares que investiron non eran para tomar a cousa a cachondeo. Por iso adxudicaron a dirección xa definitivamente, ó inexperto **Thomas Lee**.

Hai quen augura que é o comezo dunha extensa filmografía. ✠

DENDE O ATENEO SAUDAMOS ÓS NOVOS COLECTIVOS COMO A ASOCIACIÓN CULTURAL IGUAZÚ

A poesía como espacio de liberdade



Un intre do recital. De esquerda a dereita, Uxío "Touro Sentado" (lendo o seu texto "Querido Prestige"), Óscar Curros, Eduardo Estévez e Nuria Sebastián. Sobre a mesa, exemplares da revista Iguazú. *Fotografía de Lara Silbiger.*

¿Que é a liberdade de prensa? É unha pregunta inquedante, pero esquecida con demasiada frecuencia. Hoxe, baixo o imperio do mercado, resulta difícil cuestionar a normalidade vixente. Mais cómpre interrogarse cantas veces sexa necesario sobre cuestións como esta, porque hoxe en día, a nosa vida como cidadáns está marcada pola comunicación.

Esta reflexión levou á Asociación Cultural Iguazú a organizar un recital poético o 3 de maio de 2004, Día Mundial da Liberdade de Prensa, en Santiago de Compostela. O fío conductor foi a liberdade para conversar e ler textos propios ou alleos, en prosa ou en verso, publicados ou inéditos. Prestouse especial atención a temas sociais como a catástrofe do Prestige ou a barbarie do 11-M.


Durante o recital interviron: Nuria Sebastián, directora da revista Iguazú; Eduardo Estévez, escritor invitado; Óscar Curros, moderador; e, por parte do público, Xosé Luís Santos, Uxío "Touro Sentado", Antía Otero, Rosa Aneiros e Lara Silbiger.

O recital transformouse nunha posta en escena da liberdade de expresión, materializada en verbas comprometidas coa reflexión sobre o ser, o medio ambiente ou a paz, entre outros temas. ♣

IGUAZÚ: UN CONVITE A PARTICIPAR

A Asociación Cultural Iguazú promove Iguazú-Revista Artesanal de Literatura e Cultura, dedicada á creación mediante palabras e imaxes. A publicación convida a todo aquel que o desexe a participar nela, como un proxecto común, feito noso. Trátase dunha revista gratuíta, subvencionada pola Universidade do País Basco, cunha tirada de 1400 exemplares e sen publicidade. Un proxecto con tintes utópicos, pero real. Nela poden lerse textos en diferentes linguas (español, galego, catalán, euskera ou inglés, entre outros), nun intento de crear diálogos interculturais. Tamén se lle presta unha especial atención á relación entre movementos sociais e cultura.

Óscar Curros é membro da Asociación Cultural Iguazú



O PARQUE MICOLÓXICO DO BELELLE: "ANDRÉS ROCA ROMALDE"

Francisco Riveiro Sanjurjo
Presidente de Viriato

Unha vez máis, os de "Viriato" temos que agradecer ao Ateneo Ferrolán a ocasión que nos da de asomarnos as páxinas da súa revista para falar das nosas "cousas de setas".

No título deste comentario está contido, ao mesmo tempo, un fermoso proxecto e unha traxedia. O pasado día 4 de Abril tivo lugar, no Muíño da Barcia, na ribeira do Belelle, un acto para nós, de profundo significado e que contou coa asistencia dos alcaldes da bisbarra. Descubriuse unha placa que daba o nome de Andrés Roca ao Parque Micolóxico que está a cobrar realidade naqueles paraxes. Había pouco mais dun ano que Andrés desaparecera cando pescaba desde os acantilados de Covas, quebrando no mellor unha vida chea de proxectos e realidades, a máis dolorosa, a da súa nova e feliz familia. Perdemos todos con el, non só a o micólogo de campo de "ollo clínico" lendario, ao organizador incansable de eventos gastronómicos, fundador da Cofraría do Colmillo e cociñeiro xenial, senón sobre todo, ao grande amigo, sempre listo para a solidariedade.



«A finalidade do Parque é o mantemento dun espazo verde onde se facilite a evolución e o estudo dos fungos».

A homenaxe era de obrigada xustiza porque Andrés, fundador e Presidente de Honra de Viriato, foi o soñador e impulsor do Parque, que só puido ver rematado nas súas primeiras fases.

A innovadora idea do Parque Micolóxico desenvólvese no traballo do enxeñeiro técnico agrícola Carlos Roca Romalde, recollido no libro da súa autoría, que foi editado recentemente pola Deputación da Coruña, e ao que remitimos ao lector interesado en coñecer a fondo este proxecto.

Ten o Parque asento físico nunha finca de quince ferrados a beira do río Belelle, na Parroquia de Viladonelle, Municipio de Neda, cedida por un longo período de tempo polo socio de Viriato, Manuel Díaz Peña.

Inclúe o predio as ruínas dos dous "Muíños da Barcia", un deles hoxe xa restaurado con cargo a subvencións públicas. Este edificio, reconstruído respectando a traza do orixinal, proporciona a infraestructura necesaria ao Parque, e aloxará no futuro un "Aula de Natureza" de temática micolóxica.

A finalidade do Parque é o mantemento dun espazo verde onde se facilite a evolución e o estudo dos fungos, tanto dos que de xeito natural xorden nun hábitat forestal ribeirán, como daqueles cuxo desenvolvemento poida inducirse pola introducción de árbores asociadas a determinadas especies fúnxicas.

Son os fungos seres vivos que, a diferenza das plantas verdes, non poden sintetizar materia orgánica por medio da función clorofílica a partir de sustancias minerais, polo que a súa nutrición vén sempre a estar relacionada coa existencia de outros seres vivos. Os fungos *saprófitos* aliméntanse descompoñendo –apodrecendo– restos de vexetais ou animais. Os *parasitos* instálanse sobre seres vivos, con ou sen acción patóxena, e os *simbióticos* asócianse con plantas verdes con beneficio mutuo. Destes, son particularmente interesantes as *micorrizas*, nos que a asociación se produce a

nivel das raíces da planta verde e o micelio do fungo, e que a parte da producción do propio fungo, en moitos casos de excelente comestibilidade, melloran o rendemento forestal, xa que reforzan as defensas que protexen ás plantas da acción de axentes patóxenos, e melloran as condicións nutricionais co correspondente aumento de crecemento.

Para dar cabida a un espazo que se pretende favorecedor da maior riqueza en cogomelos, no deseño do Parque definíronse dúas parcelas de parecida área, separadas pola pista que atravesa o terreo. A inferior, a beira do río, con catro subparcelas, e a superior de relevo máis accidentado dividida en sete subparcelas. Esta subdivisión permite distribuír de xeito racional as distintas especies arbóreas, e as fúnxicas con elas asociadas. Para facilitar traballos e visitas, habilitaranse vías que aseguren o acceso á totalidade do Parque.

A primeira das parcelas inclúe o edificio do muíño e unha zona axardinada, cuberta de céspede, con paseos iluminados, mesas e bancos de lecer e descanso, para gozar da beleza da paisaxe, onde se coidará a vexetación da fraga orixinal. No resto do Parque está prevista, e realizada en parte, a plantación de diversas variedades de castiñeiros, bidueiros, piñeiros, carballos, roseiras, etc., algúns deles micorrizados, é dicir, con plantas co seu sistema radical inoculado con micelios de fungos cultivados en laboratorio e mantidas en ambiente de invernadoiro ata estar en condicións de seren levadas ao medio natural. Para a obtención e tratamento deste material cóntase co apoio e asesoramento do Centro Forestal de Lourizán.

O seguimento da evolución e catalogación dos fungos será realizado por persoas vinculadas a Viriato, que atenderán ao seu crecemento e expansión, observación dos elementos de influencia, e as tarefas propias do estudo micolóxico, como fotografía, descrición taxonómica, obtención de exicatas, análise microscópica e arquivo.

Preténdese tamén a constitución no muíño dunha Aula de Natureza que desenvolva un Proxecto de Educación Ambiental dirixido principalmente á colaboración con institucións escolares, en consonancia coa actividade divulgativa da Micoloxía levada a cabo por Viriato desde a súa fundación, como unha das razóns de ser da Asociación.

Sen dúbida estamos a falar dun proxecto ambicioso que mesmo puidera superar as posibilidades dunha asociación de limitados medios como Viriato, pero tamén estamos seguros de merecer o apoio na comarca ferrolá de institucións e persoas amantes da Natureza ás que desde aquí pedimos e agradecemos a súa colaboración.

«O seguimento da evolución e catalogación dos fungos será realizado por persoas vinculadas a Viriato».



Fathia El Assal nace en Exipto en 1943.

Despois de saír da escola á idade temperá de dez anos, sufriu o destino de moitas rapazas novas e mulleres na moi conservadora sociedade exipcia do seu tempo, pero ela recibiu do seu esposo, o escritor e activista político Abdallah El Touhi, o estímulo e o apoio para continuar coa súa educación. O seu talento como escritora e a súa determinada loita para mellorar o tratamento a outras mulleres no seu país, levouna rapidamente á prominencia literaria e social.

Foi encarcelada en 1982 polo seu compromiso cos ideais políticos do seu home; e escribiu unha obra titulada *Prisión de las mujeres* que resultou todo un éxito e se mantén como referencia en todo o país en programas de radio e televisión.

A súa Obra:

- 120 obras radiofónicas (primeira obra en 1957).
- 57 series televisivas difundidas en horarios estelares.
- 6 obras de teatro, todas representadas nos teatros principais de Exipto (primeira obra: *La Bascule*, 1969).

Moitos dos seus textos abordan temas onde están presentes os problemas sociais, relixiosos e políticos da sociedade exipcia en xeral, e da muller en particular. Unha das súas obras *La mujer muda*, foi estreada no Cairo no ano 2003.

Escribiu unha autobiografía moi franca e audaz titulada *El útero de la vida* (4 volumes) en que non só se refire ás súas propias penurias, senón tamén ás dificultades que, en xeral, confrontaron ás mulleres no seu país desde 1943 ata a actualidade.

Distincións

- Presidenta da *Asociación de Mujeres Escritoras Egipcias*.
- Presidenta da *Unión Progresista de Mujeres*.
- Membro da *Junta de la Unión Sindical de Mujeres Cineastas Egipcias*.

MENSAXE DO DÍA MUNDIAL DO TEATRO 2004

MENSAXE DO DÍA MUNDIAL DO TEATRO 2004

Fathia El Assal
(Exipto)

O Teatro é o pai de todas as artes. Esta é unha verdade que ninguén pode rebater e por esa razón é a miña única e exclusiva paixón.

*** *** ***

Sempre crin que os dramaturgos se distinguen polos seus nobres sentimentos humanos. As súas mensaxes poden así axudar á xente a superarse, a liberarse das súas frustracións, da súa explotación, e de esa maneira conseguir unha certa dignidade.

Para que os dramaturgos teñan éxito en cumprir a súa misión e influír nas persoas, deberían dominar a fondo a súa profesión, e ter completo control sobre o estilo da súa expresión artística. Senón a súa mensaxe se dispersará a mercé do vento e non deixará pegada algunha tras el. Non conseguirá o seu obxectivo.

En toda obra de arte, a mensaxe do artista sempre estivo impregnada á par da xustiza humana, madurez de expresión e autenticidade. Sería pois un erro considerar que un destes factores pode prevalecer sobre os outros.

*** *** ***

Din que o Teatro é unha arte baseada en estructuras sólidas desprovistas de calquera artificio superficial, e que os seus diálogos deben ser firmes, concisos e afastados da farfalla. Tamén din que por esta mesma razón é incompatible coa natureza da muller, que é incapaz de disociarse do seu ego, e en consecuencia non pode expresarse con obxectividade. ¡Iso din! A isto replico: a muller, que é capaz de levar no seu seo unha nova vida durante nove meses é igualmente capaz de crear unha obra de teatro sólida e coherente. Cunha condición: que sexa unha auténtica dramaturga.

Por sorte, o teatro moderno liberouse das formas tradicionais como resultado de distintas oleadas de renovación que comenzaron con Pirandello, Bernard Shaw, Brecht e moitos outros que destacaron polo seu teatro do absurdo, do rechazo e do vangardismo experimental. Actualmente é moi raro que un gran dramaturgo escriba unha obra de teatro seguindo un estilo tradicional.

*** *** ***

Na miña primeira obra de teatro ('Mujeres sin máscaras') utilicei 'o teatro dentro do teatro', unha fórmula que se fixo familiar no teatro moderno. A miña obra comezaba cun grito e unha pregunta, porque me sentía preñada de palabras que proviñan de decenas de anos e incluso séculos atrás.

¿Pode que chegase o momento de que as dores que estrangulaban o meu eu máis profundo se liberasen e proxectaran a miña palabra cara a existencia? ¡A miña palabra!... A miña paixón... A miña infancia... ¡O meu fillo! Escoito a súa voz tan lonxana de queixas e suspiros. Unha voz que foi machucada e humillada. Unha voz cuxos ecos reverberan xeración tras xeración. A conciencia da historia humana soporta o terrible peso da persecución e a presión abrumadora.

Rexeitei plasmar nun papel unha soa palabra que non emerxera do máis profundo da miña alma. Nin unha soa liña que non expresara a verdade sobre a muller, sobre o seu poder de dar. Por iso lle pedín á miña pluma baixo xuramento que rexeitara escribir unha soa liña se era para expresar debilidade ou frustración, e pedinlle baixo xuramento que se negara a obedecerme se me sentía covarde ante a verdade. Despois pedinlle que me axudara a sacar á luz o maior número de mulleres posible cuxas vidas compartira, para acercarme máis a elas e ser a súa portavoz.

Poderiamos por tanto desnudarnos por completo diante dos demais, desfacéndonos do mofo acumulado co paso do tempo e lanzar un grito en contra das circunstancias e as situacións que impediron a eclosión do poder humano.

Enfin, creo que o Teatro é a luz que ilumina o camiño da humanidade. Unha luz que asegura unha unión orgánica co espectador, creando calor entre nós, os que nos enfrontamos ó texto escrito ou á interpretación en escena.

II CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA 2004"

O Xurado do Certame de Teatro "Atenea 2004", que vén organizando o **Ateneo Ferrolán**, co patrocinio de **Caixa Nova**, composto por: Fernando Ocampo, Esperanza Piñeiro, Idoia Múgica, Manuel Basoa, Eva Ocampo, Helga Méndez, Mª José Doce e Luis Calvo acordou o seguínte dictame:

1) Conceder o Premio de **Categoría Especial** ó grupo do **Colexio Carmen Polo**, coa obra ***"Las tres Reinas Magas"***, dirixido por **María José Caínzos**.

2) Declarar Desertos os premios da Categoría Infantil.


3) Conceder os Premios na **Categoría de Primaria** ós grupo de teatro **"La Cuadrilla"** do **Colexio Compañía de María**, coa obra ***"Canción de Navidad"***, dirixido por **Antía Díaz** e **Paula Dapena** e ***"Os Boteiros"*** do **Colexio Masdías**, coa obra ***"Xa veñen os Reis"***, dirixido por **Ana Mª Rodríguez**.

4) Na **Categoría Xuvenil** o dictame foi favorable ós grupos **"Tixuca"**, do **IES Carvalho Calero**, coa obra ***"Morde-me"***, dirixida por **Pilar Patiño** e ó grupo **"Os amigos"**, de Valdoviño, coas obras ***"Mal de Moitos"*** e ***"Trato a cegas"***, de **Charlón** e **Hermida**, dirixidas por **Lucía Caneiro**.

Todos eles recibirán un premio, de igual cuantía, por un total de 250 euros e un diploma que se entregarán no transcurso dunha velada teatral dedicada a todos os participantes de Atenea 2004.

O Xurado quere destacar e valorar publicamente os traballos e esforzos dedicados por parte de todos os grupos participantes, dentro das grandes diferenzas de medios económicos e humanos e, moi especialmente onde se conseguiu esa unidade de alumnos, profesores e pais.

Para rematar o Xurado de Atenea 2004, quere felicitar ó **Ateneo Ferrolán** polo seu compromiso permanente e desinteresado coa cultura, sobre todo na súa base, ós pequenos, e a **Caixa Nova** pola súa sensibilidade e compromiso, así como alentalos na continuidade deste Certame.



Entrega de Premios

A entrega de Premios, por parte do **Ateneo Ferrolán** e **Caixa Nova** tivo lugar no Ateneo o mércores 9 de xuño, ás 6 da tarde, no transcurso dun ACTO (con grande afluencia de público) que estivo amenizado cunha representación teatral a cargo do **Grupo de Teatro de 1° do IES Ferrol Vello**, coa obra ***"Chicharros e Formigas"*** dirixido por **Elisa Montañés**.



RECOÑECEMENTO A TÓDALAS ENTIDADES E ASOCIACIÓNS QUE APOIAN Á INSTALACIÓN DA PLANTA DE REGASIFICACIÓN FÓRA DA RÍA

Son moitas e cun obxectivo común: conseguir que a PLANTA DE GAS se instale fora da RÍA. Polo seu compromiso, polo que representan, unha parte importante da poboación de Ferrolterra, pola dimensión, importancia e transcendencia deste obxectivo, coidamos que é suficiente definición e que son merecedores de ser destacadas na nosa REVISTA ATENEA. Hoxe, polo seu número chega coa relación das mesmas, máis adiante falaremos con máis extensión dalgunha delas.

- Asociación Cultural "Juan Frade"
- Asociacion Cultural "Fuco Buxan"
- Asociacion Cultural "Novo Tebeo"
- Asociación Cultural Bezoucos de Mugardos
- Asociacion Cultural Xuvenil "Ossian"
- Ateneo Ferrolan
- C.D. El Pilar Ferrol
- ADEGA (Asociación para la Defensa Ecológica de Galiza)
- Asociación Neboa Medio Ambiente (de Neda)
- Asoc. Mulleres El Pilar de Ferrol
- Asoc. Ferrolterra Amigos del Ferrocarril
- Asociacion Consumidores de Ferrol
- Club Eurosaude de Ferrol
- Club Nautico Barrio de Caranza-Ferrol
- Cub de Natacion de Ferrol
- Clube Orion de Montaña Ferrol
- CPS San Valentin Fene
- E.U.P. de Serantes Ferrol
- IESGA (Iniciativa Estudiantil Galega)
- Mujeres Progresistas Ferrol
- Mulleres Veciñais da F. AA.VV. Roi Xordo Ferrol
- AA.VV. Caranza Ferrol
- AA.VV. de Perlio
- AA.VV. Ensanche Ferrol
- AA.VV. Fontelonga Ferrol
- AA.VV. O Cruceiro de Canido Ferrol
- AA.VV. Recimil Ferrol
- AA.VV. Santa Marina Ferrol
- AA.VV. Ultramar Ferrol
- AA.VV. Unidad San Felipe-San Cristobal Ferrol
- Confed. Galega de AA.VV. (COGAVE) Rosalia de Castro
- Plataforma de Vecinos O Cruceiro de Meha Mugardos.
- Federacion AA.VV. Roi Xordo de Ferrol
- Federación de Anpas de Ferrolterra
- Vecinos de Ferrol Afectados por emanaciones de F. del Atlantico
- Asociación "Hestia" de Gestor@s de Hogar y Familia
- BNG-Grupo Municipal de Ferrol
- Esquerda Unida-Izquierda Unida Coordinadora Galicia
- Esquerda Unida-Izquierda Coordinadora Local
- PSdeG-PSOE Agrupacion Local de Fene
- PSdeG-PSOE Ferrol
- PSdeG-PSOE Agrupacion Local de Ares
- Xuventudes Socialistas de Galicia
- Asociacion Unificada de Guardias Civiles, Ambito Provincial
- Cofradia de Mariscadores de Barallobre
- Comité de Empresa do Concello de Ferrol
- Comité de Empresa Hospital General J. Cardona de Ferrol
- Comité Empresa Izar Fene
- Comite Empresa Izar Ferrol
- Xunta de Persoal Complejo Hosp. Arquitecto Marcide-Novoa S.
- Comite Empresa Megasa Naron
- Sindicato de Jubilados y Pensionistas CCOO
- Sindicato Unificado de Policia, Ambito Galego
- Sindicato Comarcal de CC.OO.
- Unión Sindical Traballadores de Galicia (USTG)
- Xunta de Persoal do Concello de Ferrol



DIA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE NA RIA DE FERROL



O pasado 5 de xuño celebrouse o Día Mundial do Medioambiente, cando a tendencia mundial é afastar das poboacións as instalacións perigosas, salvagardando os espacios interiores das rías para rexenerar a súa riqueza natural, deleite da poboación, turismo e actividades deportivas. Este argumento utilizouse para o proxecto de Porto Exterior en Punta Langosteira, seis millas ó sur da cidade de A Coruña, e tamén para o Porto Exterior que se esta a construír en Cabo Prioriño.

Pero a Planta de Gas é a maior ameaza de agresión á Ría de Ferrol que faría imposible a súa recuperación e poría en grave perigo a vida de máis de 40.000 persoas que de forma permanente estarían ameazadas e verían perder valor ás súas propiedades, destruiríanse máis de 800 empregos de mariscadores e reduciríase drasticamente a potencialidade turística da Ría e do seu valor patrimonial.

Un gran número de entidades sociais reclaman un plan de usos para a Ría de Ferrol e denuncian as agresións nas súas augas interiores. **Os postos de traballo** son os mesmos fóra da Ría, pero dentro da Ría a Planta de Gas de Reganosa provocaría graves riscos para a vida e impactos negativos irreversibles: desaparición da actividade marisqueira, perda de potencialidades turísticas e deportivas, faría inútil o saneamento integral da Ría, ademais de que o actual Complexo Petroquímico coa Planta de Gas sería un obstáculo insuperable para a candidatura de Patrimonio da Humanidade dos Arsenais e os Castelos.

Para eludir a avaliación de impacto ambiental obrigatoria segundo as Directivas europeas e a Lei de Costas, no proxecto básico de xullo de 2000, ocultaron o dragado do canal de entrada e a utilización de auga do mar para vaporizar gas. Agora no proxecto construtivo consta un retorno de 15.000m3/hora de **auga do mar, 6°C máis fría, mesturada con cloro**, é dicir, **360.000 toneladas por día, cantidade seis**



«...o actual Complexo Petroquímico coa Planta de Gas sería un obstáculo insuperable para a candidatura de Patrimonio da Humanidade dos Arsenais e os Castelos».



veces maior que os actuais 65.000 m3 de vertidos urbanos e industriais. Tamén, no proxecto construtivo de xuño de 2003, sen sometelo a información pública, consta un dragado que **requiriría dinamitar os fondos de rocha** dun quilómetro do canal, **entre os castelos de San Filipe e A Palma, baixo os seus cimentos.**

Ese dragado sería inútil para os grandes metaneiros en caso de emerxencia durante a descarga de gas natural licuado, pois seguiría sendo imposible que eses grandes buques puideran saír rapidamente e polos seus propios medios en caso de emerxencia durante a descarga, como esixe a norma europea EN-1532. Os promotores teñen unha fraudulenta **Autorización de Construcción**, sen información pública, sen estudo de impacto ambiental, sen estudo de outras alternativas de colocación, sen distancias suficientes ás poboacións e sen acreditar o cumprimento da Directiva Europea Seveso II de prevención de riscos de accidentes graves.

Temos unha riqueza patrimonial histórica que se debería valorar. A investimento necesario para transformala en museo onde se atopa, amortizaríase en moi poucos anos pola riqueza turística que xera. Ó oeste de Punta Promontoiro, baixo uns galpóns está o xacemento romano de Caldoval, con seiscentos anos de historia anterior ó século IV, de alto valor patrimonial e o máis importante de Galicia. Convertelo en museo nese mesmo espazo produciría para Mugardos unha riqueza turística maior á xente que a que lle pode aportar a Planta de Gas. Os seus promotores pretenden trasladar eses xacementos arqueolóxicos, co que perderían gran parte do seu valor e sería menos atractivo para o turismo.

Estase á espera dunha decisión da Comisión Europea no expediente de infracción aberto contra o estado español, despois de que se lle enviara en marzo documentación que acredita que o proxecto de Reganosa non cumpre coas directivas comunitarias nin coa lexislación do Reino de España.

Ademais de que un xuíz pode paralizar as obras de Reganosa iniciadas con moitas irregularidades no procedemento, **a Administración Central ten tamén competencias para paralizar esas obras e hai motivo suficiente para facelo. Despois do 14M é máis factible que a vía administrativa decida paralizar o proxecto de Reganosa e recomendar a Endesa e Fenosa que sitúen a Planta de Gas no Porto Exterior en construcción ou no mar aberto do Golfo Ártabro.**

Estas entidades sociais denuncian o cinismo de certos promotores capaces de montar *tinglados* farisaicos sobre o medioambiente, participando nun certame chamado ECOPLANETA en Ferrol , cando son eles os que están agredindo á Ría de Ferrol poñendo os seus beneficios por enriba dos dereitos á vida, por encima da conservación do ecosistema, exercendo unha práctica totalmente contraria ó desenvolvemento sostible, cun forte apoio dende a Xunta de Galicia e algún medio de comunicación.

«Os promotores teñen unha fraudulenta **Autorización de Construcción**, sen información pública, sen estudo de impacto ambiental, sen estudo de outras alternativas de colocación, sen distancias suficientes ás poboacións e sen acreditar o cumprimento da Directiva Europea Seveso II de prevención de riscos de accidentes graves».

Ferrolterra 5 de xuño de 2004





MIRANDO ATRÁS ... REALIDADE VIRTUAL

= PARA REFLEXIONAR E DEBATIR =






IRREAL / VIRTUAL

28.12.97 / NOTICIA: Un suposto visionario ou adiviño comunicou a este diario que a configuración astrolóxica lle daba un resultado preocupante: A cidade de FERROL ía ser incomunicada por mor do embestimento dun gran navío que rompía amarras e derrubaría a Ponte das Pías.

29.12.97 / COMENTARIO DE PRENSA. Redacción: É certamente lamentable a falla de sensibilidade e respecto á cidadanía co único fin de facerse notar e acadar unha fama efémera a costa da preocupación e angustia da poboación. A pesares da evidencia do despropósito, naturalmente publicada o "día dos inocentes", esta redacción consultou con técnicos especializados no tema que, analizando tódalas posibilidades e circunstancias que puideran producirse, concluíron que semellante episodio endexamais podería producirse.

A REALIDADE
13.01.98
O "DISCOVERER ENTERPRISE" solta amarras e queda incrustado na estrada das Pías derrubando a ponte. FERROL practicamente illado. Con tódalas seguridades e garantías tomadas poden ocorrer desastres











VISIÓN VIRTUAL, HIPOTÉTICA, POSIBLE ... E NON DESEXABLE


NOVEMBRO do 2015. DÍA 21 / NOTICIA DE ALCANCE. Onte ás 8 da tarde, Ferrolterra e os arredores da Ría de Ferrol víronse afectados por un incidente, xa que non chegou a accidente, que ós máis metidos no tema non sorprendeu demasiado. Relato dos feitos: Na operación de descarga de gas licuado na estación de Punta Promontoiro xurdiu un pequeno contratempo e houbo que proceder a aplicar o "protocolo" de emerxencia previsto para o caso. Despois de 6 anos de actividade, nunca ocurrira incidente ningún. Procedeuse ó desatraque do gaseiro e dada a hora (xa de noite) e a marea baixa, houbo que fondelo no medio da ría e PROCEDEUSE Ó DESALOXO DE TÓDOLOS HABITANTES NUN RADIO DE 3 KM, seguindo as directivas internacionais para estas situacións. O espectáculo non é fácil imaxinalo. Nun cálculo de emerxencia, ó redor de 30.000 persoas de tódalas idades e condicións, cunha cobertura de forzas de seguridade e unidades militares, abandonaron a cidade para acadar a distancia de seguridade en previsión dunha fuga de gas.

A REALIDADE
Isto non é unha fantasía imposible. Desgraciadamente se non se corrixe a loucura en marcha esta situación pode darse cun simple incidente leve.
Qué dicir dun accidente grave.

¡ALGUÉN DEBERÍA RESPONDER A ESTO!





DESDE OPAÍÍ- RÁDIO FILISPIM PARA ATENEA

No momento de escribir estas liñas, o colectivo Opaíí!!-Rádio Filispim atópase nun deses necesarios instantes de reflexión, de cuestionamento de actitudes tanto propias como alleas con respecto á súa razón de ser. Cando as cousas van ben, non semella necesario recapacitar demasiado sobre a situación, pero o feito de atoparse ante un revés resulta máis propicio para analizar a situación. Así, a cancelación in extremis do II festival "Conspirando por unha radio libre" supuxo un forte golpe para os que máis implicados estabamos na organización do mesmo. O doado sería baixar os brazos, pero hai uns artistas ilusionados por ofrecer a súa música en condicións diante da súa xente. Hai un pequeno apoio económico en forma de publicidade pagada por asociacións e pequenos empresarios que comprenden que estas iniciativas poden contribuír a darmos ese necesario pulo á cidade e bisbarra. E é que cando alguén che falla valoras máis quen non o fai.


Afortunadamente, non todo son cartos, polo que aínda se amosa máis imprescindible, se cabe, o apoio moral que recibimos de anónimos e dalgúns colectivos ou asociacións, entre as que se leva a palma o Ateneo Ferrolán desde que, alá polo mes de novembro do 2003, nos ofreceu un lugar onde facer público o plan de creación dunha radio libre, comunitaria, independente. De seguido creouse unha conexión, unha simpatía mutua de dous proxectos que comparten o denominador común de dinamizar Ferrol cultural e socialmente. Rádio Filispim necesita tanto un lugar físico onde se reunir e instalar esa equipa técnica que pronto esperamos adquirir, como ese apoio dunha entidade referente polo seu carácter aberto, crítico e independente. Pola súa parte, o Ateneo Ferrolán debe existir nun continuo fluxo de actividade, de renovación, de enriquecemento das súas actividades, ao que pode contribuír a asociación cultural Opaíí!!.

En certo modo, na sede do Ateneo sentímonos como nunha segunda casa. Aquí celebramos as nosas reunións semanais e as roldas de prensa e presentamos o DVD dun exitoso I Festival; que esperamos ter repetido cando ti leas estas liñas. Aquí redactamos o regulamento de Rádio Filispim e as bases da asociación Opaíí!! Aquí pomos ese merchandising co que ir recadando cartos para mercar o material técnico necesario para a futura emisora e desde aquí agardamos emitir unha radio ao servicio de Ferrol e a súa área de influencia.

Non é de estrañar que o colectivo Opaíí!!-Rádio Filispim aproveite calquera situación para facer referencia a unha das nosas mellores tarxetas de visita: a colaboración co Ateneo Ferrolán.

Pepe Cunha (Membro da coordinadora do Colectivo Opaíí!!-Rádio Filispim).






PREMIOS *DIARIO DE FERROL*

ESTE ANO, O ATENEO FERROLÁN PARTICIPOU INDIRECTAMENTE NO DICTAME DO **XURADO DE CULTURA** composto por: María Jesús Rico (Periodista do *Diario de Ferrol*), Narciso Pilo (Director da Banda Ferrolá de Música), Pedro Blanco Llano (Secretario da Fundación Carlos Casares), Víctor López Carbajales (Director da Feira do Teatro de Galicia) e Cristina Meizoso Alonso (Ateneo Ferrolán) convocada a título particular.

O día 16 de xuño, presentada pola periodista Rocío González, celebrouse a **Gala dos Premios 2004** e **5° aniversario de *Diario de Ferrol***. Este ano os premiados foron **Julio Pérez de Gamarra (Cultura)**, Asociación Dignidad (Sociedade), Federación de ANPAS de Centros Públicos de Ferrol e Comarca (Educación), Unicen (Economía e empresa) e Gómez Noya (Deporte). O premio a unha traxectoria profesional e humana foi para o realizador de televisión eumés Eugenio Pena.



FERROL SÉCULO XXI

➢ Nos comezos deste novo século, con desacougos e inconformismo, non temos máis remedio que recoñecer o pesimismo reinante na cidade. Unha cidade FERROL que aínda está a buscar a súa identidade, o seu título definitorio:

CIDADE DO MAR ...
CIDADE DA ILUSTRACIÓN ...

Mergullándonos no pesimismo xurdíunos unha definición: CIDADE INACABADA, pero certamente non ten moito futuro aínda que hoxe teña moitas pegadas que conducen a esa definición.

Despois do impulso optimista co remate da AUTOESTRADA, xorden, como non pode ser doutra maneira, os detalles, as análises, as carencias que deixan un pouso de desazón. Nos poucos meses que levamos con ese innegable progreso no eido das comunicacións é frecuente atoparnos con situacións de descontento: visitantes que chegan a Curuxeiras e preguntan onde está a cidade ou o Polígono da Gándara, ou a Praza de Armas ... Pero o peor está no interior: Teatro Xofre, Barrio da Magdalena, Pavimentos, Mercados e Aparcadoiros, Museos e Casa da Cultura, ... etc.

➢ Tentando superar o pesimismo antes descrito, aplaudimos (con matices) o Plano trazado para a Zona Portuaria, polo que supón de salto cualitativo cara un novo futuro, unha nova cidade cara ó mar ó que durante séculos démos as costas.

Tamén se iniciaron recentemente foros e mesas de traballo sobre o medio ambiente, o progreso sostible, a contaminación, etc...


Pero como estamos en Galicia e en Ferrol ó mesmo tempo estase a instalar unha PLANTA DE REGASIFICACIÓN no corazón da ría, da PERLA ÁRTABRA. Asombroso!!

• PARA OS CURIOSOS DAS ARTES:

➢ No Palacio de S.A. Real o Príncipe de Asturias, formando parte do Patrimonio Nacional hai un cadro dun pintor ferrolán que vive na nosa cidade...

— ¿sabe o seu nome?

Envía a resposta correcta ó ATENEO FERROLÁN antes do 5-09-04. Os acertantes entrarán nun sorteo dun lote de publicacións propias.



O DÍA 3 DE MAIO CELEBROUSE O DÍA MUNDIAL DA LIBERDADE DE PRENSA: O DEREITO Á INFORMACIÓN SÉGUESE PAGANDO COA VIDA.

Dende o ATENEO FERROLÁN APOIAMOS ESTA PROPOSTA.

Así lle sucedeu ó ferrolán Xosé Couso Permuy quen o día 8 de abril do 2003 era asasinado polas tropas estadounidenses no Hotel Palestina en Iraq. Era asasinado para transmitir a mensaxe de que ou se esta cos EEUU ou se tropeza coa morte.

A Asociación Veciñal Fontelonga ven de rexistrar no Concello de Ferrol, dirixida ó Concelleiro e a Comisión de Cultura a nosa proposta de que lle sexa dedicada unha praza no Barrio de Esteiro que se denominaría Praza da Paz "José Couso Permuy", pretendemos con esta demanda facernos eco da súa familia e dos milleiros de ferroláns que dixeron "Non á guerra", logo de que por parte do Goberno Municipal de Ferrol se lle fixese un cativo homenaxe nun acto institucional ó que non foi convidado ningunha representación da cidadanía de Ferrol agás os Grupos municipais do Concello de Ferrol.

Esta praza estaría situada no noso obreiro e progresista Barrio de Esteiro e faría de ponte entre o vello e o novo Esteiro entre a Avenida de Esteiro e ás rúas San José, Espoz y Mina e Zurbarán, abrazándose ó Santuario das Angustias e comprendendo a representación das antigas rúas do Barrio: San Roque e Ánimas, San Sebastián, San Pedro e San Nicolás (onde nacera o 18 de outubro de 1850, D. Pablo Iglesias Posse, fundador do PSOE) e tendo como veciña a poucos metros á estatua de Concepción Arenal.



LEMBRANZAS DE...
RICARDO PENA

Había dous teatros nesta cidade: O **Renacemento** e o **Jofre**. O primeiro era pequeno, mais precioso. O segundo era máis grande, e a el acudían as compañías de teatro e zarzuela; pero a cinematografía impúxose e ambos teatros dedicáronse ó cine.

Lembro que a miña primeira película vina no **Jofre**, e lembro que se titulaba *La muerte de vacaciones* da cal o actor principal era Fredi March. Tería eu uns catorce anos; e a partires de aquí, tódolos domingos disporía de 35 céntimos: un real para a entrada (que eran 25 céntimos) e unha mota (10 céntimos) para mercar "unha bomba de Berlín", que era unha especie de doce parecido a un donut, pero máis pequeno.

O cine infantil empezaba ás tres da tarde, pero a chavalería xa estabamos alí ás dúas, desexando sentarnos naqueles bancos de "general" situados no último piso. E en canto abrían a porta, e á voz de "maricón o último" subiamos a todo gas saltando os chanzos de dous en dous; e unha vez acomodados alí, ¡hala! A louquear a Agapito, que era o acomodador.

"— Agapito, aquí cagouse un chaval.

— Bueno, e que (contestaba Agapito)?

— E que se cagou na túa nai".

Pronto apareceu outro cine: o **Cinema**, na rúa María, esquina Rubalcava. E uns anos máis tarde outro: **El Callao**. Este último resultou ser o máis elegante de todos; e ate chamaba á xente con música por medio de potentes altofalantes. Hoxe ocupa o seu sitio o Banco Bilbao Vizcaya.

Outros dos lugares de diversión eran os bailes, pero se se quería bailar era necesario saír fóra da cidade: San Juan, Serantes, Mugardos, Maniños, etc. Dentro da cidade só se facía baile o día de fin de ano no Casino, mais esto era soamente para os socios, que acudían ese día todos de rigorosa etiqueta.

Outro dos acontecementos para goce da mocidade, eran as festas do patrón nas aldeas. Estas festas eran día de alegría para todos, porque supuñan moitas cousas: comer carne, pan branco, empanada, bola de doce e ... "pifar viño ate terminar cunha melopea de campionato". Naquel día as rapazas estreaban vestidos de flores e uns zapatos para asistir á misa cantada e

«Outro dos acontecementos para goce da mocidade, eran as festas do patrón nas aldeas ,, porque supuñan moitas cousas: comer carne, pan branco, empanada, bola de doce e ... pifar viño».



Teatro Jofre



> «...hoxe, afortunadamente non fai falta esperar un ano para comer carne ou estrear un vestido».

honrar solemnemente ó santo na procesión. Para os varóns tamén había regalo, podía ser un pantalón e unha camisa branca, a cal terminarían manchando con algo de viño tinto para demostrar "que cando é festa é festa". Todo isto xa pertence ó pasado; por que hoxe, afortunadamente non fai falta esperar un ano para comer carne ou estrear un vestido. Pero o triste é que, para min e os da miña idade foi así.

Quero lembrar tamén os cafés que tiña Ferrol nos anos trinta. Dous deles "cantantes" (como se dicía naquel entonces), que eran: o **Royalti** e o **Tren Mixto**. O primeiro estaba na rúa Real e o segundo na rúa da Igrexa, facendo esquina coa rúa Rubalcava. Pero había outros dous máis "non cantantes", que eran **El Suizo** e **El Español**; ambos na rúa Real. E como é fácil de adiviñar, ó chegar a dictadura acabouse o baile e a exhibición de cachas, que se comparamos aquel espectáculo co que se ve hoxe en día teríamos que canonizar aquelas pobres rapazas que, o seu único e gran pecado era ensinar as ligas.

Ós menores estábanos prohibido entrar nestes lugares, mais ós catorce ou quince anos todos sabemos que a natureza nos chama a coñecer esoutra parte que nos invita a continuar o ciclo da vida; así que, o de xogar ás bólas ou ós indios e bandidos, agora era o de chusmar se se podía, o que ocorría nestes lugares de ambiente de divertimento ó Mouline Rouge.

No **Royalti** era fácil ver ás debutantes dende a porta de entrada, e lembro que nunha ocasión, dous dos meus amigos e mais eu, puidemos ver un pouquiño dun deses espectáculos, no cal a artista se desprendía dunha pequena parte da súa vestimenta e facendo ademáns de baixar a braga. Pero a nosa atención estaba posta nun vello que ó ver que a rapaza non acababa de baixar a delicada prenda, lanzou un berro dicindo: ¡que ensine os collóns! Nós, mortos de risa, saímos arreando estopa pola rúa Real.

Se mal non lembro, tamén **El Español** empezou ofrecendo este tipo de espectáculos, porque un compañeiro de traballo, Enrique Arribe, uns dez anos maior ca min, estivo de camareiro neste café e creo ter escoitado contar algo referente a este asunto. Pero do que me lembro perfectamente é da pesada broma que se lle gastara a este compañeiro no traballo: resulta que, no roupeiro da oficina tiña uns zapatos vellos e bastante "gastaditos"; e resulta que un bo día púxose a botarlles un vistazo ós ditosos "lorchos" pedíndolle consello ó compañeiro Andrés Franco, se valería a pena leva-los ó zapateiro. "Si home, estes zapatos, botándolles unhas tapas, unhas medias solas e un pouco de tinte, válenche para ir ó mellor salón de baile". E Enrique xa non o pensou máis: preparou o correspondente paquete para levarllos aquel mesmo día ó artista remendón. Pero Andrés, que era un consumado bromista, abriulle o paquete, sacou un dos zapatos e puxo no seu lugar outro peor que, ademais era de dúas cores: branco e marrón.

Cando Enrique, co presumido que era, descobre a "faena" diante do zapateiro, estou seguro que saíron da súa boca as blasfemias máis duras para todos nós. E ó día seguinte entrou saudando desta maneira: "Ó que gastou a broma, mándoo tomar polo cu ... E que non lle guste". ✠



Teatro Rena

ATENCIÓN Ó NOVO HORARIO DE VERÁN

Do día 1 de xuño ó día 30 de setembro (incluídos)

- OFICINA: LUNS a VENRES – De 10 a 14 horas.
- BIBLIOTECA: LUNS a VENRES – De 11 a 14 horas.

PECHADO POR VACACIÓNS:
Do 14 de xullo ó 14 de agosto (incluídos).

AGOSTO

Martes, 31 de agosto de 2004
ás 8 h. da tarde
no Auditorio FIMO (Punta Arnela s/n)

14º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLON"

PROGRAMA:

Presentación

Mencións de Gaita "Constantino Bellón": Presentación e Entrega
"Gaita de Ouro"
"Gaita de Prata"

Entrega do PREMIO
"Composición para Gaita Galega Solista"
punto nº 9 das Bases do 13º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

Final do 14º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón"

CONCERTO

Actuación Conxunta Finalistas


Dictame do Xurado / Entrega de Premios


XURADO
D. Víctor Fernández Gabeiras (Presidente), D. Xavier Rodríguez Fariñas, D. Carlos Icaza Boado, D. Xoán Rodríguez Silvar, Dª Cristina Meizoso Alonso (Secretaria, sen voto)

ENTIDADES COLABORADORAS
XUNTA DE GALICIA: Consellería de Cultura – Consellería de Emigración
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
CONCELLO DE FERROL
SARGADELOS
Maruxa Fernández, viuva de Luis Seoane

No momento da deliberación do XURADO contaremos cun CONCERTO

14º CONCURSO DE GAITA GALEGA 2004
"CONSTANTINO BELLÓN"





ATENEO FERROLÁN



SETEMBRO (E CONVOCATORIAS)

CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN – CONCELLO DE FERROL

CONVOCATORIA DE OBRADOIROS PARA NENOS E NENAS de 6 a 12 anos

DATAS: 1ª quincena de setembro.

HORARIOS: - Obradoiro de XOGOS POPULARES: de 10,30 a 11,30 horas.
- Obradoiro de MANUALIDADES: de 11,30 a 12,30 horas.

Pódeste anotar para un ou para os dous talleres.

INSCRIPCIÓN: No Ateneo Ferrolán e no Concello de Ferrol. Máximo 20 escolares. Prazo de inscrición ate o día 2 de xullo. GRATUÍTO.

EXPOSICIÓN COLECTIVA DE OBRAS DE PEQUENO FORMATO

Estimados Socios/as – Pintores:

Énos grato informalos que do 10 ó 30 de decembro de 2004 imos celebrar, nas salas do Ateneo, a I EXPOSICIÓN DE PEQUENO FORMATO, só para socios e socias do Ateneo Ferrolán, na que podes participar con 1 ou 2 obras.

Para iso, debes enviar as obras antes do 30 de novembro, acompañadas dunha plica onde se sinale o nome do autor, enderezo, título da obra, así como o seu prezo si é que a desexas poñer á venda, a medida máxima da obra será de 55 x 50 cm. incluíndo o marco.

O expositor que venda a súa obra ABOARÁ ó Ateneo unha comisión do 10%. Os gastos que orixine a exposición como catálogo, copa de viño da inauguración,... correrá a cargo do Ateneo Ferrolán, excepto transportes e seguros.

As obras non adquiridas, deberán ser retiradas no prazo máximo dun mes, logo da clausura da exposición.

Esperando a túa participación, recibe un cordial saúdo,

VOCALÍA DE ARTES PLÁSTICAS DO ATENEO FERROLÁN

ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR
Para NENOS e NENAS de 11 a 14 anos

▼ **COMEZO:** Comenzaría co CURSO 2004-2005

▼ **TEMA:** MÚSICA VOCAL POPULAR

▼ **OPERATIVA:** Construiríanse grupos ate 22/24 alumnos/as que realizarían ensaios dúas veces por semana cunha duración aproximada de 1,15 horas.

▼ **HORARIO:** A elixir: de 17,30 a 20,30

▼ **LUGAR:** Poderán atenderse 2 ou 3 grupos: Un no Ateneo Ferrolán, e outros dous nos Colexios que se inscriban.

▼ **OBXECTIVOS:** Formación, promoción e ocupación da infancia/xuventude. Unha nova forma de pasar o tempo libre dos alumnos/as.

▼ **CUSTO:** A negociar

▼ **PROFESOR: YANKO DIMOS YANKOV**
41 anos
Búlgaro residente en Ferrol.
Diplomado en Pedagoxía e Profesor de Música.

▼ **INSCRICIÓNS:** NO ATENEO FERROLÁN
TELÉFONO: 981.357.970
FAX: 981.354.098
E_mail: a_ferrol@teleline.es

▼ **PERSPECTIVA:** Recitais públicos en NADAL, SEMANA SANTA, FIN DE CURSO e diferentes festividades ou celebracións. A longo prazo realización dun festival, recitais noutras cidades e constitución dun CORO INFANTIL FERROLÁN.

XIV CERTAME FOTOGRÁFICO DE MEDIO AMBIENTE 2004

Con motivo da celebración do **"Día Mundial de Medio Ambiente"**, o Ateneo Ferrolán vén realizando todos os anos un Certame de Fotografía que neste ano cumpriu a súa 14ª edición. Sempre, neste CERTAME cóntase cunha ampla participación de fotógrafos de Ferrol, Galicia e de toda España; nas obras presentadas resáltase a importancia da natureza nas súas vertentes de coidado e denuncia das agresións que recibe a mesma no actual tipo de sociedade que estamos a construír.

Velaí que, sendo a concienciación sobre a importancia do MEDIO AMBIENTE un dos obxectivos que se persegue con esta exposición, no Ateneo Ferrolán suscitamos a súa itinerancia por diversas localidades, feito que vimos realizando nas últimas edicións e que inclúe a súa presenza no **Outono Fotográfico de Ourense, e a publicación no seu Catálogo das fotografías premiadas.**

A exposición consta dunha selección realizada polo Xurado, de 50 fotografías enmarcadas, coas que se realiza unha Mostra itinerante a partir da súa INAUGURACIÓN E EXPOSICIÓN que tivo lugar no Ateneo Ferrolán, **entre os días 4 e 30 de xuño.**



O Xurado cualificador do 14° Certame de "FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 04", organizado polo Ateneo Ferrolán, integrado por VÍCTOR RIVERA JOVE, CARLOS CARBALLEIRA PERMUY, RODRIGO RAMOS ARDÁ e,como secretario sen voto, por parte do Ateneo Ferrolán, JUAN GALDO GARCÍA, reunido o día 31 de maio de 2004, toma os seguintes acordos:


Unha vez examinadas a totalidade de fotografías presentadas a concurso, de acordo coas Bases e por unanimidade **DECIDE:**

1) Descualificar un total de CERO traballos por non axustarse ás Bases

2) Seleccionar 50 das fotografías presentadas a Concurso, para incluír na exposición itinerante, tal e como se indica nas Bases.

3) OTORGAR OS seguintes Premios :

3° Premio	2° Premio	1° Premio
(150 euros)	(300 euros)	(900 euros)
"El Bosque"	**"Sen Título 1"**	**"Otoñal"**
de **José M. Maiquez Mijares**	de **Juan Ramón Martín Catoira**	de **Luis Antonio Gil Pellin**
La Línea de la Concepción. Cádiz	La Cala del Moral. Málaga	Quart de los Valles. Valencia



O ARTISTA DA FAME

O ARTISTA DA FAME

por Carlos Piñeiro Díaz
Médico

Por mor dunha recente folga de fame dos mariscadores de Ferrol, moitas persoas lembraron as folgas de fame e os seus significados no tempo. Outras, pensaron que o uso e abuso da abstinencia de alimentos é unha estratexia pouco eficaz, salvo para as modelos de costura, as cales parecen vivir nun constante xaxún. Paradoxo de feitos: uns fano para que lles aumenten o salario e outras fano para conservalo. Moitas ideas ferveron nas testas críticas dos políticos locais.

Foi Franz Kafka o que intentou xubilar ós artistas da fame e do xaxún no século XX, por namorarse fisicamente da fame ou por non achar comida que lles gustara.

Pero ó longo dos tempos houbo moitos exemplos que demostran que a folga de fame é un acto de privación de alimentos para conseguir un obxectivo determinado e continuar así ata acadalo, incluso chegando á morte se fose necesario. Algúns autores establecen unha diferenza en función da dirección do acto ou da natureza do mesmo (chamada á opinión pública ou apremo moral).

A literatura románica española, no século XII co "Cantar del Mío Cid", ofrécenos a primeira mostra dunha folga de fame con resistencia pasiva por parte do conde de Barcelona, Berenguer Ramón II "O fratricida", onde o Cid lle ofrece a liberdade ó conde a cambio da súa renuncia á folga de fame "e *si vos comiéredes don yo sea pagado, a vos, el comde* e *dos fijos dalgo quitarvos de los cuerpos e darvos e de mano*" (vs. 1034-1035 b). Folga de fame do conde que expresa un acto de soberbia polo menosprezo a aqueles que o derrotaron.


«...a folga de fame é un acto de privación de alimentos para conseguir un obxectivo determinado e continuar así ata acadalo, incluso chegando á morte se fose necesario».

Máis preto dos tempos actuais, destacaron as torturas a que se viron sometidas as sufraxistas de finais do século XIX e principios do XX, como consecuencia das folgas de fame onde se reclamaba o dereito do voto para a poboación feminina. Foi Marion Dunlop a primeira muller, en xullo do 1909, unha sufraxista encarcerada que rexeitou comer. As autoridades, con obxecto de evitar mártires da fame, forzaron a alimentación de moitas mulleres en folga (leite con ovos a través dunha sonda nasal), practicando despois o xogo do gato e o rato, excarcerándoas cando chegaban a cotas de mala saúde e facéndoas ingresar no cárcere cando se recuperaban na súa casa. María Clarke morreu no mes de decembro de 1910 como consecuencia de ser alimentada á forza na prisión en Brighton.

A declaración de Malta da Asociación Médica Mundial sobre as persoas en folga de fame, no ano 1991, noventa e dous anos despois, impide hoxe en día estes comportamentos, aínda que nalgúns países óbvianse as normas éticas internacionais.

Anos despois, as mulleres seguirían sendo artistas da fame, na defensa das liberdades e da dignidade humana, como as mulleres encarceradas na dictadura de Franco durante e despois da Guerra Civil do 1936-39, as folgas de fame nas igrexas





no maio do 1978 contra a dictadura de Pinochet en Santiago de Chile, a folga de fame de catro mulleres mineiras bolivianas que permitiron iniciar a democracia en Bolivia acadando a folga de fame masiva de mulleres no ano 1978 que obrigou ó goberno de Banzer a decretar unha amnistía política.

Gandhi foi un especialista do xaxún e da folga de fame, contra o imperio poderoso da Gran Bretaña e o colonialismo inglés, fixo dezasete xaxúns "a morte", o primeiro durou catro días, en Ahmedabah, colonia do imperio británico, en marzo do 1918, o último foi do 13 ó 18 de xaneiro de 1948, na capital da India, en Nova Delhi, solicitando a paz, obtivo o éxito e foi causa do seu asasinato o 30 de xaneiro do 1948, doce días despois. Sacrificou a súa vida na busca do apremo da paz.




O monumento nacional da folga de fame en Derry, Irlanda, lembra a folga de fame de 1981 dos oito presos políticos do IRA e dous do INLA que acabaron na morte, entre eles o líder do IRA Bobby Sands tras 66 días de folga (5 de maio de 1981). Transformaron un modelo do éxito polo sacrificio da súa vida.



Son moitos os exemplos ó longo da Historia, pero tamén no século XXI persisten os artistas da fame, polo feito sinxelo da existencia das dictaduras políticas, da existencia de cárceres infames (mulleres mortas en Turquía por folga de fame) e da práctica das torturas nas mesmas (prisión de Jilin, China, 100 practicantes en folga de fame por torturas, anos 2001 a 2002), da inmigración, das novas formas de escravitude moderna (sexual, laboral e doméstica), da propia escaseza alimentaria das dúas terceiras partes da Humanidade, da constante violación dos dereitos humanos básicos en moitos países, a falla de liberdade de expresión (dez periodistas en folga de fame contra o goberno de Eritrea, ano 2002; caso do periodista en folga de fame, Alí Lmrabet en Marrocos, decembro 2003), a existencia de despido colectivo nas empresas multinacionais (folga de fame dos traballadores da Coca Cola de Bogotá)...

Os artistas da fame no século XXI non están xubilados porque a fame, a inxustiza, as desigualdades e a discriminación social non as relevaron por razón de idade.

«Gandhi foi un especialista do xaxún e da folga de fame ... sacrificou a súa vida na busca do apremo da paz».



O VIÑO II

O VIÑO II

por Tono da Graña

Magister Bachanalium da Beatífica Cofradía del Colmillo

Comecemos, logo, o minidicionario.

<u>*VARIETAIS BRANCAS*</u> (segundo orde alfabético)

AIRÉN – No país dos tintos, a variedade máis plantada é branca (450.000 ha, o que a converte na máis plantada do mundo). O seu cultivo estase a concentrar na Mancha, aínda que tamén se planta en Málaga e Montilla-Moriles, baixo o nome de LAIRÉN.

ALBARIÑO – Plántase exclusivamente en Galicia con D.O. RÍAS BAIXAS (adiantóusenos Portugal coa D.O. ALBARIÑO). Figura entre os brancos máis caros de España.

ALBILLO – Cultívase en Madrid, Ávila e D.O. RIBEIRO. No val do Douro, utilízase para tintos.

ALCANÓN – Varietal da comarca do SOMONTANO.

CAÍÑO – Varietal galega das Rías Baixas. Non moi apreciada.

CHARDONNAY–A mellor variedade da BORGOÑA.

¡Saúde! Xa estamos aquí de novo. E nesta segunda entrega para escribir sobre a VIDA DO VIÑO, algunha curiosidade histórica e, ademais, o comezo dun pequeno dicionario cos termos máis comúns a este –case sempre– escuro obxecto de desexo.

Mais non temades, isto non pretende ser un tratado: só engadirei algunhas liñas explicativas que axuden a comprender mellor a súa definición.

VIDA DO VIÑO

Mercar un bo viño e non coidalo axeitadamente é tan merecedor de condena como mercar unha obra de arte e tela agachada no faiado.

De feito, eu penso que ambas as dúas cousas deben sempre compartirse con aqueles que, coma ti, saiban darlle valor as súas bondades e as entenda como potenciadoras dos sentidos.

1.1– Características da Adega

Farei fincapé, como é lóxico, as adegas das casas particulares; xa que é de supor que os profesionais da hostalería teñen resolto o problema.

Un armario incrustado poderíanos valer sempre e cando cumpra estes tres requisitos: escuridade, carencia de vibracións e temperatura constante. O viño, en contra do que se di, non é moi esixente en canto a temperatura xa que admite dos 7°C aos 21°C. Iso si, sexa cal sexa a temperatura acadada dentro destes límites, debe ser <u>constante</u>.

Canto máis elevada sexa a temperatura, o viño envellecerá máis rápido.

As botellas deberán gardarse sempre horizontais, de maneira que o tapón non se seque, se encolla e, por conseguinte, permita a entrada de osíxeno o que fatalmente acabaría por oxidalo.

Agora ben, tendo espazo dabondo, o meu consello sería mercar viño novo e almacenalo na adega até que acade unha madurez perfecta. Isto pode lograrse, e non hai dúbida de que redundará un aforro considerable para o peto. (Non nos esquezamos que os "vini-viticultores" cobran –loxicamente– por ter o viño parado nas adegas.

1.2– Curva da vida do viño

Algúns viños son feitos para bebérense ó pouco de estar feitos. Outros –os mellores– gañan coa conservación, incluso até os 50 anos.

En canto ós primeiros –brancos, rosados e tintos lixeiros– buscamos neles frescor, así como similitude coa froita fresca e naturais en aroma e sabor.

Non obstante, algúns viños brancos e a maioría dos mellores tintos xa son cultivados pensando que saian co seu propio carácter, "arrincado", no posible, do seu propio asentamento.

Vou facer un inciso.
(Recomendo abrir a botella para que se vaia osixenando)

No ATENEO, fai uns anos, fixemos unha interesantísima cata de viños monovarietais (unha soa clase de uva). Neste caso foi TEMPRANILLO –cencíbel, ull de llebre, tinta país– nomes distintos para a mesma uva, dependendo da comunidade na que foi plantada.

Non poderiades menos que sorprendervos coas diferenzas tan abismais de textura, cor, "nariz" e sabor que atopamos, aínda sendo a mesma uva.

Case todo debido ó tipo de chan e ás diferenzas térmicas.

Pero ao que iamos. En todos os viños conxúganse un complexo indeterminado de principios: ácidos, azucres, minerais, pigmentos, ésteres, aldehidos, taninos ... Os <u>bos</u> viños gañan en cantidade deste tipo de elementos e os <u>grandes</u> viños, en moito máis.

Logo, entón, é doado comprender que a maior cantidade de elementos, maior cantidade de tempo se precisa para que eles mesmos se resolvan nun todo harmonioso acadando, así, o aroma distinto da madurez. O chamado "bouquet" (por analoxía coas flores).



ANOS E OSÍXENO

Fagamos un pouco de historia ó tempo que escanciamos un bo vaso dese viño que tiñamos a osixenar.

O papel do osíxeno non foi descuberto ata o ano 1863, cando Napoleón III lle encargou ó químico Louis Pasteur que indagase por que se perdía tal cantidade de viño de camiño ó consumidor, con incontestable prexuízo económico para as arcas francesas. Pasteur demostrou que un contacto excesivo co ar permite o desenvolvemento da bacteria do vinagre, entre outras (a partir de aí, argallaría* a pasteurización).

Así mesmo, descubriu que as cantidades de osíxeno que se están a producir na maduración, son moi pequenas; que a acción sobre o proceso é pouca por ser gradual (ou sexa, non brusca) e que nunha botella áchase disolta a suficiente cantidade para que o proceso de envellecemento poida durar anos.

De feito, tales achados, permitiron armar todo o que está acadando en cada botella; até o punto que, se ben o osíxeno traballa nos compoñentes para maduralos, sóubose que a súa acción non para até traspasar os límites da maduración para chegar ó deterioro final. Triste ... ¿non?

Outro descubrimento determinante é que o barril ten posibilidades de acadar máis osíxeno; ben na trasfega ou, incluso a traveso das doelas do barril (segundo a espesura destas, se están ou non incrustadas de cristais de tartarato, da capacidade do mesmo ou da súa propia situación nas correntes de ar).

Dito isto e que a propia madeira tamén está supeditada ó traballo do osíxeno (non nos esquezamos que fai de potenciador dos taninos e do sabor a vainilla (propio do carballo) podemos chegar á conclusión de que o mesmo viño embotellado logo dun ano, manterá a cor, o gusto, a froita e a acidez, e durará (senón mellora) varios anos.



A dúbida despois de todo este preámbulo é: ben, vale, de acordo,... ¿cando o viño estará no seu mellor momento?

Cando acadedes a resposta, remitídema ó ATENEO, por favor.

Bromas aparte, penso que poderiamos facer dúas concrecións.

A máis sinxela e que se referiría ós viños novos que preferimos como frescos e afroitados, diríamos ibebámolos xa!.

- PROS: gañariamos no exposto até agora.
- CONTRAS: perderiamos, primordialmente, no nariz e no retrogusto.

A segunda resposta atopariase no que os franceses están a referir cando falan dos "vins de garde". É dicir viños que precisan ser gardados para acadar, así todo o seu potencial.

Pero, ¿canto tempo deben ser gardados?.

Convencionalmente –e nas condicións xa comentadas– entre cinco e quince anos. Pero non nos esquezamos de que cada viño e cada vendima ten a súa escala; escala á que debemos estar pendentes.

Tomemos como factores determinantes a madurez e a concentración. Particularmente penso que estes factores non son mensurables.

Un "vin de garde" segue a ter o seu proceso de maduración, pero a duración do mesmo, segue a ser un dos enigmas máis intricables en canto á perfecta maduración do viño.

Dispóñense de gráficas nas cales o viño pode ascender extraordinariamente ó comezo, logo baixar, subir e baixar novamente ... e incluso, descender a puntos impensables para a súa idade.

Non obstante, gráficas doutra vendima, pero da mesma uva, poden progresar moi lentamente, precisando oito ou nove anos até acadar a súa estabilidade e logo manter ese nivel, ou incluso subilo case que sen notalo durante outros dez anos.

ACLARANDO:

— Incluso en vinte anos o futuro parece incerto
— Hai viños que manteñen o equilibrio durante décadas.
— Outros aumentan en aspereza e sequidade.
— Outros fanse tristóns, perdendo a súa vitalidade e sabor doce da froita despois dunha longa estabilidade.
— Outros ....

¿Quedou claro?
A min, non.

En España conquistou a algunhas das mellores adegas: JEAN LEÓN (penso que hoxe en día pertence a TORRES), RAIMAT, MILMANDA (de TORRES) –todas estas en Cataluña– CASTILLO DE MONJARDÍN en Navarra. Segundo o meu criterio, a este último fáltalle algo de nobreza. Utilízase, ademais, para facer os mellores cavas combinándoa con PARELLADA, XARE-LO e MACABEO.

CHENIN BLANC – Vén da comarca do Loira. En España cultívase en ALELLA, PENEDÉS e D.O. BINISSALEM de Mallorca.


DONA BRANCA–Varietal da Galicia interior. A extinguirse.

GARNACHA BRANCA – De orixe francés (grenache blanc). Utilízase en ARAGÓN e CATALUÑA.

GEIWÜRZTRAMINER– Varietal aromática con matices de especias e froitas exóticas (lichis). Cultívase no SOMONTANO e é a "culpable" do excelente VIÑA ESMERALDA de Torres.

GODELLO – Esta perfumada variedade medra en Galicia, sobre de todo en VALDEORRAS. Unha mágoa que sexa tan curta a súa produción.

Continuará, se ninguén lle pon remedio.



ARTIGO

O MISTERIO DA GALIÑA COS SETE PITIÑOS TODOS DE OURO

O MISTERIO DA GALIÑA COS SETE PITIÑOS TODOS DE OURO


André PENA GRAÑA
Arqueólogo e Membro correspondente do *Instituto de Estudios Celtas.*

Ao profesor FERNANDO ALONSO ROMERO

«O aninovo celta comezaba non no 21 de marzo como en Roma senón, marcando o primeiro día do inverno no *Samhain,* palabra que literalmente significa "Final do Verán"».

Hai ben pouco nunha publicación ferrolá (engádase o presunto) *refixose* case integramente, omitíndose a mención do verdadeiro autor, unha obra do etnocomparatista e catedrático da Universidade de Santiago, Fernando Alonso Romero intitulada "A Moura Constructora de Megálitos", avisamos para que non se pense que queremos nós facer outro tanto, que o único obxecto destes papeis é o de confirmar arqueolóxicamente un estudo etnográfico do mencionado Fernando ALONSO ROMERO, publicada no *Anuario Brigantino*, (2002, nª 25, pp 64 ss.), intitulado: *La gallina y los polluelos de oro*

Pero, como complemento e síntese de cousas xa expostas, antes de entrar no tema, lembraremos que a división do ano cuadripartita en períodos ou Feiras, inaugurados con grandes solemnidades relixiosas, de noventa días, é especificamente celta. Noventa días separan a véspera de Tódolos Santos, a maior festa celta, *Samhain*, festividade do "Aninovo", celebrada o primeiro de novembro, de A Candeloria: o celta *Imbolc*, festa da lactación das ovellas festexada o primeiro día de febreiro; noventa días separan a Candeloria da segunda maior festa do noso ano celta celebrada o 1° de Maio: a *Beltené*; e noventa días separan esta festa do lume do 1° de Maio da grande festa da comida e da fartura, a *Lugnasad* o 1° de Agosto (tome nota o "lañador oficial de sardiñas e de pulso ártabro municipal de Narón" notable inventor etnográfico e realizador de concorridísimos eventos), trasladada en virtude da reforma do calendario gregoriano en España ao día 15 do mes, e







celebrada en Galicia en considerables romarías onde asume a comensalía un importante papel. Estes períodos de noventa días non coinciden cos equinoccios ou cos solsticios, correspondéndose coa percepción física polo home da natureza: a chegada o 1° de maio, ou a partida o 1° de novembro, do gando ás brañas; ou coa percepción física do ano[1] pola propia natureza: A aparición o 1° de febreiro do leite nas ovellas coincidindo coa inauguración da tempada de pesca do mar; ou a froitificación o 1ª de Agosto, no verán, da terra.

O aninovo celta comezaba non no 21 de marzo como en Roma[2] senón, marcando o primeiro día do inverno no *Samhain,* palabra que literalmente significa "Final do Verán" (en gaélico escocés *Samhuinn* e en galés *Nos Calan Gaeaf* "Véspera da Calenda de Inverno"). Coa chegada do Cristianismo chamóuselle Festa de Tódolos Santos "Hallowmas" polo que á noite anterior denominóuselle a Véspera de Tódolos Santos en inglés "All Hallows eve" ou "Halloween", ou "Hollantide", mentres que o día 2° de novembro, o Día de Defuntos, consagrouse ao culto das ánimas benditas do purgatorio. En Irlanda celebrábase a festa principal do calendario en Tara, lugar onde estaba o trono do Alto Rei e centro sagrado da terra, apagando ritualmente todos os lumes de Irlanda, esperábase a que os druídas o prenderan no outeiro sagrado de Tlagchtga situado doce millas ao noroeste de Tara, considerado o lugar de enterramento da filla do grande druída *Mogh Ruith*, *Tlachtga.*


Na Área Cultural Atlántica, como se pode ver na ilustración, coloreada por nós, de Patrice BRUN, conformada por acumulación e por contacto mutuo, posi-






blemente desde o Neolítico se dividía, e dalgún xeito aínda se divide, o ano non polos solsticios senón polo comezo do verán o primeiro de maio[3], e polo comezo do inverno o primeiro de novembro, con dous subperiodos de 3 meses lunares ou de 90 días, o primeiro destes subperiodos o 1º de febreiro, día da Candeloria, da lactación das ovellas "cando casan os paxariños". É tamén como xa apuntamos o día de Santa Bríxida de Irlanda, a implorada como "radiant flame", raíña do lume, simbolizando a calor do sol; aínda hoxe, diariamente nas Higlands, na lareira "o centro da casa onde se acende o lume do fogar" prégaselle a Santa *Bride* de Escocia, asociada á virxe María "Mary of the Gael" e á Trindade, correspondéndose coa *Berg* ou Bergusia da Galia. Esta politécnica esplendente doncela celta, nai e tamén raíña *fo cheabhar agus fo chuan* "entre o ceo e a terra" preside o nacemento das nosas primaveras, a arte e a beleza, e exercita tamén o seu brillante papel na convencionalmente denominada "terceira función" de Dumézil, protexendo os cultivos,[4] e aínda compartindo a coroa e a diadema[5] das raíñas coas *ollae* ou caldeiros (Doubs, Besançon entre los sequanos)[6] da fartura, expresivos da *briugaid* (comensalía) atlántica. [7] O segundo subperiodo celebrábase o 1º de agosto ou *Lugnasad*, correspondente coa nosa "Santa María de agosto", solemnidade desprazada coa reforma xuliana do calendario, a mediados do mes.

Pese á tintura cristiá do día de San Xoán, a Mitoloxía Comparada estableceu hai tempo a relación do paráclito con *Ianus* "Xano", e aínda que a orixe desta celebración, se remonte a un tempo moi remoto, nos permite imaxinar aos primeiros pobos europeos Atlánticos sedentarios, aos nosos antecesores –porque nós somos o resultado dun proceso, como as follas caducas dunha árbore milenaria que fende as súas raíces na noite dos tempos–, continuamente pendentes das luminarias celestes, da lúa que rexía o paso dos meses e das semanas, servía para axustar o Calendario. Para Fernando ALONSO ROMERO, daría DIODORO conta do máis antigo destes axustes anotando que nunha illa do norte, posiblemente en Stonehenge, habería un templo redondo dedicado a Apolo "dice DIODORO que en este templo se observaba el curso de la luna y [...] [menciona] el ciclo lunar de 19 años, puesto que la luna tarda 19 años en volver a aparecer por el mismo lugar":



Illum oportet crescere
Me autem minuire
Triptico de Isenheim
Mathias Grunevald
ca. 1510.

También se dice que el dios Apolo visita la isla cada 19 años, período de tiempo en el que las constelaciones de los astros hacen una revolución completa; por eso el período de 19 años es llamado por los griegos "el año de Metón". Con motivo de esta aparición el dios toca la cítara y danza sin interrupción durante la noche desde el equinoccio de primavera hasta la salida de las Pléyades, congratulándose de sus propios éxitos. (DIODORO DE SICILIA, Biblioteca Histórica, II, 47)[8].




A lúa, o mes lunar sinódico de 30 días, que é o tempo que inviste a lúa (29, 53 días) en retornar exactamente á mesma fase, xoga no calendario un importante papel. Abonda lembrar que a palabra calendario provén da misteriosa verba Calo solemnemente proclamada ao comezo de cada mes, sete ou nove veces, para axustar o calendario, indicando as *calendae* (o primeiro día do mes lunar), cantos días levaban os *idus* (o día da lúa chea) e as *nonae* (cuarto minguante). Entre os indoeuropeos, compartindo aínda un mesmo nome e alcance, como o vén de lembrar recentemente o indoeuropeísta da Sorbona Eulogio LOSADA BADÍA, o mes [the month, *ille mens*], e a lúa [the moon, *mené*, etc.], son unha mesma cousa. Servindo primordialmente os uns e os outros como mensura, regra, medida, termos todos sinónimos, estando segundo numerosos autores emparentados non xa con ese semáforo celeste provisto de fases luminosas que é a lúa, senón tamén con ese formidable instrumento de medir que é a mente, cuxa raíz quizá tamén resida segundo Eulogio LOSADA BADÍA, na verba home (la. *hom/en*, inglés s. man/p. men), así coma na súa, ata hai ben pouco principal instrumento de medir, a man, sendo ao cabo "O home a medida de todas as cousas".[9]


«Entre os indoeuropeos o mes e a lúa son unha mesma cousa».

Co sol e a lúa completaban as estrelas o axuste do calendario, sobre todo as Pléiades, como no mencionado traballo vén de demostrar Fernando ALONSO ROMERO coñecida en Galicia como "a galiña cos sete pitiños, todos de ouro", *la gallina y los polluelos de oro*:

Segundo LEHMANN-NITSCHE: "la Gallina, y también la Gallina con los pollitos, es el nombre popular de las Pléyades en Francia, Italia, Alemania, Inglaterra, Dinamarca, Checoslovaquia y Rumania".[10]

[...] Debido a la precesión de los equinoccios se sabe que la aparición de las Pléyades marcaban ya el equinoccio primaveral en el año 2300 a. C., lo que nos permite suponer que también desde esa época se pudieron utilizar las Pléyades como marcadores principales del ciclo anual





para conocer el comienzo de la primavera y del otoño, y por consiguiente, la temporada de caza, pesca y navegación, así como la fecha adecuada para realizar las diversas actividades agrícolas y pastoriles que necesariamente debían efectuarse en determinadas épocas del año (RAPPENGLUECK, M. 1997, 217).[11]

Fernando ALONSO ROMERO[12] amosa tamén a relación entre as Pléiades e a figura da Moura[13] polo "que tendrían un carácter posiblemente psychopompos derivado del hecho de ocultarse en otoño y resurgir en la primavera"[14], e, segundo o pensamos, esta idea confirmase arqueolóxicamente, apoiándose no feito de que no interior do moimento funerario da raíña longobarda Teodolinda se tería depositado unha espectacular bandexa de prata dourada coa galiña e os sete pitiños seus ¿por que se colocaría tan estraño obxecto no interior da tumba da raíña? Para, verosimilmente, axudar á raíña a chegar axiña ao ceo.

Probable representación simplificada pero exacta de Las Pléyades (resaltadas en rojo) constelación considerada de carácter psychopompos llamada (ALONSO ROMERO) "La gallina de los poyuelos de oro"

Quizá moito tempo antes a mesma idea e similar intención terían movido a representar cun misterioso punteado, ata agora inexplicado, nas estelas funerarias do Sudoeste da Península Ibérica, concretamente na estela de Fuente de Cantos, Badajoz, aparecida[15] ao decruar cun tractor no lugar de El Risco, a un lapicida da Idade do Bronce cinco cazoletas coidadosamente dispostas xuto a un estilizado guerreiro e á súa militar panoplia.

A figura humana representada na mencionada estela de Fuente de Cantos, co seu casco de cornos, coa súa espada, co seu escudo redondo, coa súa lanza e coa súa biga ou carro de guerra de dúas rodas e tiro de dous cabalos, ten un equipo guerreiro case de sabor micénico, respondendo á representación heroizada do defunto, coma un verdadeiro heroe da Iliada. Observamos tamén, que na composición destas estelas do Sudoeste, estremeñas, andaluzas e portuguesas, figura sempre representado un espello e un peite, obxectos non destinados, ao aseo persoal, simbolizando un agasallo do defunto para a psicopompa *Moura.*

Valida a nosa análise arqueolóxica comparativa e a interpretación arqueolóxica da representación destes puntos e do seu posible significado arqueolóxico inscrito no *promptema* da *Moura,* a exhaustiva relación etnográfica atlántica demostrada de xeito totalmente independente por Fernando ALONSO ROMERO entre as Pléiades e a Moura e a relación establecida polo mesmo autor na etnografía galega entre as Pléiades, a galiña cos pitiños de ouro e a *Moura.*

Crémola concluinte, demostramos cientificamente, cunha 'proba real', non soamente o funcionamento do *promptema* (evidencia) aquí considerado, senón tamén a validez da nosa análise acumulativa –quizais o método máis seguro para a comprensión e o *desciframento* da evidencia arqueolóxica– pola extraordinaria concordancia na disposición dos puntos ou cazoletas coidadosamente dispostas, de arriba a abaixo e de esquerda a dereita, entre a lanza e o guerreiro, xunto ao espello, na estela de Fuente de Cantos e a disposición no ceo das Pléiades, establecida pola espléndida fotografía en cor, con tres filtros, cada un de media hora de exposición, tomada por David Malín[16] co UK Schmidt Telescope, exactamente, de arriba a abaixo, acompañadas de maior brillo de fondo as estrelas das Pléiades: Merope e Electra á esquerda, Altlas, Alcione e Maia á dereita. Aínda que nin os vira, nin coñezo eses papeis, quizá o poderían ter observado xa (amable comunicación persoal de Martín ALMAGRO) outros autores de modo independente.

NOTAS

[1] The principal fire-festivals of the Celts, wich had survived, though in a restricted area and with diminished pomp, to modern times and even to our own day, were seemengly timed without any reference to the position of the sun in the heaven. They were two in number, and fell at an interval of six months, one being celebrated on the eve of May Day and the other on Allhalow Even or Hallowe'en, as it is now commonly called, that is on the thirty-first of October, the Say preceding All Saints' or Allhalows' Day. These dates coincide with none of the four great hinges on which the solar year revolves, to wit, the solstices and the equinoxes. Nor do they agree with the principal seasons of the agricultural year, the sowing in spring and the reaping in autumm. For when May Day comes, the seed has long been committed to the earth; and when November opens, the harvest has long been reaped, and even the yelow leaves are fast fluttering to the ground. Yet the first of May and the first of November mark turning-points of the year in Europe; the one ushers in the genial heat and the rich vegetation of summer, the orher heralds, if it does not share, the cold and barrenness of winter. Now these particular points of the year, as has been well pointet out by a learned an ingenious writer [E. K. CHAMBERS. Oxford, 1903], while they are of comparatively little moment to European husbandman, do deeply concern the European herdsman; for it is onthe approach of summer the he drives his cattle out into the open to crop the fresh grass, and it is on the approach of winter that he leads them back to the safety and shelter of the stall. Accordinly it seems not improbable that the Celtic bisection of the year into two halves at the beginning of May and the beginning of November dates from a time when the Celts were mainly a pastoral people, deoendent for their subsistence on their herds, and when accordingly the great epochs of the year for them were the days on which the cattle went forth from the homestead in early summer and returned to it again in early winter [in Eastern Europe to this day the great season for driving out the cattle to pasture for the first time in spring is St. George's Day, the twenty-third of April, which is not far removes from May Day[...]] Sir James FRAZER "The Fire Festivals of Europe. 6 The Halloween Fires". *The Golden Bougth* IV 222-3.

[2] Confirmando este aserto nuestro en Galicia el que que San Martín de Braga, en el siglo IV de nuestra consideraba de necios celebrar la entrada del año en enero y propusiese celebrarla en marzo.

[3] El 1° de Mayo, o *Beltaine* o *Beltené*, literalmente "el fuego de Bel" fiesta ligada al *Apollo Belenus*, [y a su socia *Belisama*, "El Brillante" y "La muy Brillante" respectivamente, de la Galia, norte de Italia y Nórico (Austria), Ausonio de Burdeos nos habla de santuarios en Aquitania dedicados al culto Fébico, Tertuliano describe su culto (Apologéticus 24, 7) en los Alpes Noricos (*Apologeticus* 24, 7) y Herodiano (Historia del Imperio despues de Marco, 8, 3.6) menciona el culto de *Belenos* en Aquileia en el Norte de Italia, y equivale al Bile Irlandés A él corresponden verosimilmente epítetos como*Bellatucadros* "El más brillante" el "dios cornudo" del Norte, etc., indicando posiblemente el aspecto solsticial del dios de la destrucción y de la guerra que transporta a los muertos en barca a las "divinas aguas" de *Danu* para que renazcan en el Otro Mundo. Posiblemente se corresponda en los *Mabinogi* con el rey *Beli Mawr* en la Historia de *Lludd* y *Llefelys.*



[4] cf. *Carmina Gadelica* "Bride put her finger in the river/ On the Feast Day of Bride/ and away went the hatching mother of the cold", tambien en clara alusión al solsticio de invierno se dice de ella "From Brigid's feastday onwards the day gets longer and the night shorter". En la Víspera del Dia de Santa Brígida "Là Fhéill Bhrìghde" la vieja del invierno la Cailleach, que en Galicia se llama "A Vella", viaja a la isla donde tiene un manantial de juventud que la vuelve doncella convirtiendola al amanecer en "Bride". (Andrew Bryce).

[5] Grünwinkel, cerca de Oberseebach en el museo de Karlsruhe; ESPÉRANDIEU, volumen alemán, nº 352, in GREEN "The divine marriage" Symbol and Image in Celtic Religious Art, 1989 p. 47-61).

[6] Espérandieu ns. 4566; 5564; 5752.

[7] Pero ten tamén psychopompos sombríos elementos (lembrando que se lle podería chamar *Rosmertha* ou *Ataecina*), como o corvo que agoira a morte, a mazá, ou a cesta de froitas, que agoiran o paradiso e a vida eterna, ou o can (que axuda aos defuntos a atopar o camiño do ceo). Corresponde probablemente coa parella gala composta de *Succellus* "O Bo Golpeador" e *Nantosuelta* lit. "Sinuoso arroio" representada a miúdo nos relevos e nos moimentos galo-romanos coma os dos mediomatricios (Metz), cun bastón el, rematado nun martelo, e cunha casa ela coroando o seu bastón

[7] Espérandieu ns. 4566; 5564; 5752.

[8] Fernando ALONSO ROMERO "La gallina y los polluelos de oro" in Anuario Brigantino, 2002, n 25, p.64

[9] Eulogio LOSADA BADÍA: *Los Orígenes de hombre*, 1998.

[10] (LEHMAN, NITSCHE, 1923, 84) in ALONSO ROMERO quen sinala tamen como "En la Inglaterra del siglo XVII las personas cultas utilizaban el nombre de las Pléyades, mientras que el pueblo, según PURCHAS en su obra *Pilgrimage* (1614), prefería el de la *Gallina y los polluelos*" (That constellation, called by the vulgar the Hen and the Chikens, and for the learned Pléyades) (Oxford English Dictionary, 1961). En Bulgaria el nombre más común de las Pléyades es el de 'la Gallina Clueca y los Pollitos'. Se tenía en cuenta su aparición en primavera debido a su importancia en el calendario pastoril, (KOLEV, D. et al. 1997, 72). También en Inglaterra los ajustes en el Calendario se podían efectuar con la observación de la primera aparición e las Pléyades que coincide con la llegada del mes de mayo (KRUPP, E. C. 1979, 33)". Fernando ALONSO ROMERO "La gallina y los polluelos de oro" in *Anuario Brigantino*, 2002, n 25, p.64.

[11] Fernando ALONSO ROMERO "La gallina y los polluelos de oro" in Anuario Brigantino, 2002, n 25, p.66.

[12] "A finales del siglo XIX publicó Murguía en su obra Galicia la creencia que existía en la comarca de Bergantiños, es decir en el territorio que se extiende por el occidente de la Coruña hasta la ría de Laxe, una gallina con pollos de oro o dorados que salían diariamente de una caverna y que tras un corto paseo regresaban al interior de su guarida. Cuando por casualidad alguna persona conseguía verlos, descubría como la gallina se transformaba en una hermosa doncella, que exhibía sobre una mesa a la entrada de su cueva una serie de objetos entre los que había unas valiosas tijeras. Contaban que dicha jóven invitaba al que la había descubierto a que cogiera lo que más le agradase de su tienda. Pero debía evitar coger las *tijeras porque se seguirían de ello grandes daños* (Murguía, m. 1982, I, 25). "Se trata de un mito que con ligeras variantes todavía se conoce en diversas localidades de Galicia, de Portugal y de Asturias. En A Fontella de A Beillosa, en Santa Mariña das Fragas (Campo Lameiro. Pontevedra), hay una gallina que pone huevos de oro, pero está guardada por una serpiente, que en realidad es una *moura* encantada que todas las mañanas sale al exterior con una flor en la boca. Cualquiera que se arriesgue a darle un beso en la boca devolverá a la moura su aspecto humano y recibirá como premio a su valor la gallina de los huevos de oro, y se le mostrará también el camino para llegar a un aposento del castro de Anduriña en el que hay una viga de oro (Rodriguez Figueiredo, M. 1973, 254)" in "La Gallina y los Polluelos de Oro" ALONSO ROMERO *AB* nº. 25, 2002, p. 68.




Fotografía en cor das Pléiades tomada con tres filtros, cada un de media hora de exposición por David Malín có UK Schmidt Telescope. © Anglo Australian Observatory/ Royal Observatory, Edimbourgh.

[13] "Nos falta por comentar la relación de la gallina con la *Moura*. Sabemos que unas veces es la *Moura* la dueña de esa fabulosa gallina, mientras que en otros relatos es la propia gallina la que se transforma en *Moura*. Debemos tener presente que la figura de esa hermosa mujer que espera ser desencantada tiene muchas semejanzas con la Fairy o hada del norte de Europa, no sólo en las descripciones de su aspecto, sino también en los argumentos de los relatos. Sin embargo, no conocemos ninguna leyenda en las que la Fairy aparezca relacionada con nuestra mítica gallina y sus polluelos. Recordemos que tampoco en la versión gallega más antigua que se conoce sobre esa gallina, se menciona a ninguna *:Moura*, se habla simplemente de *un hato de gallinas con pollitos*". In ALONSO ROMERO *AB* nº. 25, 2002, p. 68. Para nós esta confusión viría dada polo común carácter psicopompo da *Moura* que vén a este mundo a buscar marido, para levalo con ela ao Outro Mundo, someténdoo a unha proba encuberta, e da constelación das Pléiades ou da galiña dos pitiños de ouro.

[14] Amable comunicación persoal.

[15] Martín ALMAGRO (1966), 122-124 y lámina XXXVII.

[16] © Anglo Australian Observatory/ Royal Observatory, Edimbourgh.



LA PLAZA DE AMBOAGE

ESPACIO Y VIDA... AMENAZADOS

Ni mejores, ni peores; sencillamente incorregibles.

Jorge Luis Borges

por Juan J. Burgoa

Dentro de las ciudades dignas de tal nombre, las plazas urbanas constituyen el lugar natural de encuentro donde todos los ciudadanos tienen la posibilidad de reunirse sin distinción de raza, posición social o ideología. Las plazas, como espacios abiertos y públicos, son la verdadera esencia de la urbe, y sin su existencia la propia ciudad no puede concebirse.

A lo largo del tiempo, desde el ágora griega y el foro romano, ambos de pleno dominio peatonal, se llega a la plaza medieval como el lugar destinado tanto a venta de mercaderías como a sede de actos religiosos, mientras comienzan a bordearla los porches y viviendas. Durante el Renacimiento la plaza se convierte en el centro de los espacios públicos de la ciudad, se celebran en ella actividades de diversa índole (mercados, espectáculos taurinos, representaciones teatrales, autos de fé, ejecuciones) y se empieza a adornar con fuentes, obeliscos y estatuas.

«Las plazas, como espacios abiertos y públicos, son la verdadera esencia de la urbe, y sin su existencia la propia ciudad no puede concebirse».

Ya en época barroca las ciudades empiezan a crecer y en su centro nace la plaza principal, llámese Mayor, Real o de la Villa, adecentada y relativamente bien cuidada en contraste con otras plazas de menor entidad. La Ilustración hace jugar a las plazas un rol jerárquico, focal y organizador del racional y ordenado urbanismo de la época, situando en las plazas los principales edificios públicos.


El impacto demográfico que significa la revolución industrial en las ciudades obliga a los gobiernos municipales a facilitar áreas de esparcimiento con zonas verdes para descanso de sus vecinos, con lo que se intensifica la creación de jardines y la formación de parques públicos urbanos, como lugares de descanso y pulmones de respiración de las urbes. Entrado el siglo XX, los ciudadanos consiguen que los espacios públicos se adecuen para su consagración al ocio mediante la instalación de palcos de música, quioscos y terrazas.

En este siglo XXI, nuestra urbe debe incorporarse a la tendencia general de cuidar y conservar las plazas de las villas y ciudades para que sigan siendo el lugar de privilegio donde el pueblo escriba su historia cotidiana, manteniendo su integridad y consiguiendo su puesta en valor con actividades culturales y de ocio que ayuden a conservar su memoria histórica.

En Ferrol, la plaza de Churruca, hoy de Armas, se abrió el año 1807, naciendo rodeada de



Dúas perspectivas da praza de Amboage: a



un hermoso arbolado de acacias y con la monumental fuente de Churruca, sede de las tradicionales aguadoras, situada en su centro. Con el paso del tiempo perdió su espacio y diseño original al construirse a mediados del siglo XX el pretencioso e inapropiado edificio del Ayuntamiento, al tiempo que un muestrario de horribles construcciones de la misma época afeaban su contorno y la propia plaza se degradaba con un suelo inadecuado, convirtiéndose en un lugar inhóspito para el ciudadano. Durante estos últimos años, los marginados de un sistema económico neoliberal, que apenas parece ofrecerles alternativas, empezaron a instalarse en la plaza de Armas, proclamando así, a veces de manera desgarrada, su derecho a la convivencia pública.

El actual trazado de la amplia y alargada plaza de España, conocida de origen como Puerta Nueva, fue concebido a partir del año 1940, y, pese a un malogrado y ambicioso proyecto de Rodolfo Ucha, nunca pasó de ser una deshumanizada zona fronteriza y un frustrado espacio de distribución de tráfico. Mientras ya se pone en solfa el tapón de inseguros túneles y toboganes subterráneos, todavía se está a tiempo de que la prevista actuación en superficie no destroce el pórtico y escaparate de entrada a Ferrol, haciéndose de manera racional y con el mayor consenso ciudadano para que pueda convertirse en un agradable lugar de paseo peatonal y convivencia vecinal.

Se está a la espera de conocer el necesario arbolado protector y los adecuados complementos ornamentales (por qué no una fuente monumental que recuerde la ciudad de la Ilustración?) que debe llevar la plaza, al tiempo que se tiene cierta esperanza de que los últimos bodrios erigidos en la ciudad (léanse plazas de San Amaro y de la Ilustración, Mercado Municipal) o las antiestéticas rehabilitaciones (frontal de la Escuela de Idiomas, fachadas trasera y lateral del Teatro Jofre) no tengan su ridícula repetición con el levantamiento de un nuevo engendro, aunque algún edil lo llame edificio inteligente o elemento habitable, para centrar la plaza.

En lo que se refiere a la actual plaza de Amboage, antes de Dolores, extenso espacio urbano de más de 9.000 metros cuadrados, sus obras se iniciaron el año 1784. Para conseguir la nivelación de su superficie, dada la fuerte pendiente existente entre la calle María y la entonces Sinforiano López, hoy Real, se procedió a un amplio desmonte, tras las necesarias expropiaciones de terrenos particulares. Este trabajo fue de lenta ejecución, utilizando la tierra sobrante para el relleno de las plantaciones de la Alameda.

Previamente, el 9 de Agosto de año 1769, el rey Carlos III había expedido una Real Cédula por la que concedía permiso para que la feria mensual que venía celebrándose desde siglos atrás en el campo de Baterías de Ferrol Vello se trasladase al centro de la nueva población de la Magdalena. La feria se instaló de manera provisional en la plazuela situada frente al edificio de Capitanía, para pasar a unos tinglados colocados en la plaza de Dolores a fines del siglo XVIII, hasta que en el último tercio del siglo XIX se trasladó a la plaza de Armas.


El año 1786, Dionisio Sánchez de Aguilera, Teniente Coronel de Ingenieros, presentó un ambicioso proyecto para que la plaza de Dolores se convirtiese en un conjunto porticado y fuese la sede de las construcciones públicas de la ciudad, idea que finalmente no se llevó a cabo. Después de que se frustrasen otro proyectos posteriores, a partir de la década del noventa del siglo XIX se fue configurando el atractivo aspecto colonial que hoy ofrece la plaza, rodeada de jardines en los que destacan las palmeras canarias de la parte sur y los posteriores cedros del Himalaya de la alineación norte, que sustituyeron las anteriores plantaciones, donde destacaban las paulonias.

Tras una importante remodelación y adecentamiento de la plaza que la



finais do século XIX e a principios do XXI

«...todavía se está a tiempo de que la prevista actuación en superficie pueda convertirse en un agradable lugar de paseo peatonal y convivencia vecinal».



consolidó como lugar de recreo, el 31 de Agosto de 1896 se inauguró de forma multitudinaria la estatua del benefactor Marqués de Amboage, meritoria obra del escultor toledano Eugenio Duque, monumento que constituye una de las señas de identidad de la ciudad. El año 1917 se construyeron unas nuevas escalinatas monumentales, diseñadas por el arquitecto municipal Rodolfo Ucha, dotadas de balaustradas, antepechos y jarrones ornamentales, hoy desaparecidos.

Con el paso del tiempo la estatua se muestra cada vez más sucia y descuidada, mientras que el Marqués semeja burlarse de una ciudad que al llegar la fecha de San Ramón, en una curiosa conjunción de festividad laica y fiesta religiosa, sus ciudadanos oyen las mismas cantilenas y leen las mismas falacias acerca de un personaje al que una prensa superficial y rutinaria, desde hace décadas, viene atribuyendo su fortuna a una presunta dedicación al comercio de esclavos. Por otra parte, el broncíneo escudo de Ferrol, desaparecido de la estatua hace años y no repuesto, parece ser como un símbolo de una ciudad que también ha perdido su identidad.

«La plaza de Amboage hoy en día constituye el escenario público más atractivo y menos degradado de la ciudad».

Asimismo los que en su día fueron afamados Fuegos de Amboage, por presuntas razones de seguridad, se fueron alejando de la plaza, siendo trasladados el año 1988 al muelle de Curuxeiras, unos años más tarde a la ensenada de A Malata y, suponemos que a este paso, serán alejados hasta San Felipe, continuando de esta forma los inteligentes y adecuados usos culturales que observamos viene dándose al castillo desde que fue recuperado para el patrimonio municipal.

La plaza tomó inicialmente su nombre del sencillo templo clasicista de Nuestra Señora de los Dolores, levantado a partir del año 1771 y rematado el año 1790, aunque sus dos torres laterales no se terminarían hasta el año 1854. Tras la revolución del año 1868, que derrocó a la reina Isabel II, pasó a llevar el nombre de plaza de la Libertad, denominación que se demostró efímera. A partir del 11 de Agosto del año 1893, como consecuencia de un acuerdo de la corporación municipal, pasó a denominarse plaza del Marqués de Amboage, nombre que conserva en la actualidad. El otro templo de la plaza, la Iglesia de la Merced, con su llamativa fachada neogótica de resabios modernistas, se construyó el año 1926, mientras el año 1943 la llamada Cruz de los Caídos, monumento producto de otros tiempos y mentalidades, rompía una de las originales entradas diagonales de la plaza.


En Ferrol, como en otras ciudades, el ámbito social que es la plaza ha sido siempre un lugar de privilegio donde el pueblo escribe su historia hora a hora, día a día. La plaza de Amboage muestra una coexistencia pacífica en la que niños, jóvenes y mayores se van turnando ordenadamente en el uso y apropiación de su espacio. La plaza se llena a media mañana de amas de casa que descansan antes de la compra y son relevadas por jubilados que toman el sol de mediodía. Lo mayores la abandonan cuando llegan por la tarde los niños de los cercanos colegios con sus balones y patinetes, mientras que al caer la noche los propietarios de perros y las parejas de adolescentes se la adueñan para usos propios.

Incluso, en su generosidad, las madrugadas de los fines de semana la plaza acoge y sufre las agresiones causadas por las nocherniegas tribus urbanas. Las mañanas de los domingos y festivos cambia el decorado; la plaza se convierte en lugar de ociosa reunión y amable mentidero de burgueses matrimonios, cándidas parejas y plácidos vecinos, mientras las agradables terrazas, si el tiempo lo permite, acogen a los ensimismados consumidores de suplementos dominicales.

La plaza de Amboage hoy en día constituye el escenario público más atractivo y menos degradado de la ciudad, siendo desde hace más de cien años el lugar de recreo y de encuentro más frecuentado por mayores y pequeños de Ferrol, conservando prácticamente sus características originales con una especial atmósfera y perspectiva que rememora el Ferrol ilustrado y decimonónico. Desde estas páginas esperamos que pueda seguir siendo un frecuentado lugar de ocio y de encuentro de muchos ciudadanos que consideran que los valores de su entorno solo deben alterarse para mejorar la calidad de vida.

Sin embargo, corren malos tiempos para la plaza de Amboage y hoy vuelve a surgir, como ya pasó hace poco tiempo, la cíclica y desdichada amenaza de aumentar el tráfico rodado en el casco histórico y realizar un aparcamiento subterráneo que rompa la armonía de la plaza, siendo hoy defendida su construcción por algún conspicuo representante de la voluntad popular que hace unos quince años no tenía el menor empacho de firmar un manifiesto en contra de dicho aparcamiento.

Estúdiese seriamente si, tras de la entrada en servicio del aparcamiento del malhadado Mercado Municipal, es necesaria la construcción de alguno más en el teóricamente protegido barrio de la Magdalena; en todo caso, hay otros lugares, que están en la mente de todos, para ello. Desgraciadamente, no es fácil ser optimista en esta ciudad. Se está viendo que, pase quien pase por la Corporación municipal, para referirse a sus sucesivos integrantes, se puede parafrasear a Jorge Luis Borges: "No son ni mejores, ni peores; son sencillamente incorregibles". ✠



ARTIGO

SECCIÓN DE PENSAMENTO (GRUPO CIRPEN)

De cando en vez faise necesario e saudable facer ximnasia mental...

Como froito desta Mesa de reflexión e pensamento que vén de consolidarse ó longo de máis dun ano no Ateneo Ferrolán, e que estamos a chamar CIRPEN (CÍRCULO DE PENSAMENTO) ofrecemos nesta Revista un traballo da polifacética ELIA RICO, asidua participante nestes encontros mensuais.

A LINGUAXE DOS SENTIMENTOS

A LINGUAXE DOS SENTIMENTOS

por Elia Rico Lagarón

A evolución do pensamento precede á da vida sobre a Terra. A evolución das especies está intimamente ligada ós fenómenos do pensamento, que nos confinan ó noso planeta, senón que franquean os Espacios Interestelares.

Na paisaxe da evolución do pensamento Universal, retrátase a evolución das especies, que é igualmente universal. Aínda que a mudanza planetaria se repita sen grandes cambios, o pensamento transfórmase, e o punto de partida cada vez é distinto, polo que é posible que do mesmo xeito que o pensamento foi antes que o noso Globo, o home non será para sempre o habitante del. Non somos capaces de predicir como procederá a evolución pero indudablemente que se dará.

Partimos da premisa de que a evolución das especies non foi rexida pola intelixencia do individuo, senón polo Universo, e consideramos o desenvolvemento do sistema nervioso como unha xerarquía, que lle permitiu ó home/muller unha maior independencia e intelixencia superior.

O Universo pensa ó mesmo tempo que o individuo, que non pensa independentemente das súas células.

No transcurso do tempo o individuo foise desprendendo da simple reacción automática ós fenómenos do medio e puido amplificar as sensacións que escolle. O longo período evolutivo no que se foron moldeando as respostas foi sen dúbida o máis duro que experimentou a especie humana.

Toda emoción é un impulso que nos leva a actuar, programa de reacción automática co que nos dotou a evolución. A distinta pegada biolóxica propia de cada emoción evidencia que cada unha desempeña un papel único no noso repertorio emocional.

Os actos da mente emocional (comprensión empática) duns ollos húmidos, permítenos máis aló das palabras (acto da mente racional) decatarnos dunha evidente tristeza, como si estivesemos lendo nun libro.

Nun sentido real, todos temos dúas mentes, unha mente que pensa e outra que sente, estas dúas formas fundamentais de coñecemento interactúan para construír a nosa vida mental. A mente racional, comprensión do que adoitamos ser conscientes, esperta e pensativa, capaz de ponderar e reflexionar; e a mente emocional, coñecemento máis impulsivo e poderoso, menos lóxico.

A dicotomía entre o emocional e o racional aseméllase á distinción popular entre corazón e cabeza. Saber que algo é certo no noso corazón pertence a unha convicción distinta, a unha certeza máis profunda que se o pensamos racionalmente.


Existe unha proporcionalidade constante entre o control emocional e o control racional sobre a mente, canto máis intenso é o sentimento, máis dominante chega a ser a mente emocional e máis ineficaz a mente racional. A maior parte do tempo a mente emocional e a racional operan en estreita colaboración, entrelazando as súas formas distintas de coñecemento, para guiarnos a través do mundo.

Neste equilibrio a emoción alimenta e dá forma ás emocións, e a mente racional axusta e, ás veces censura as entradas procedentes das emocións. Non obstante ambas as mentes constitúen facultades relativamente independentes, que se reflicten no funcionamento dos circuítos cerebrais distintos, aínda que interrelacionados.


En moitas ocasións estas dúas mentes están intimamente relacionadas, porque os sentimentos son esencialmente para o pensamento, e á inversa, pero cando aparecen as paixóns rómpese o equilibrio e a mente emocional desborda e encontra a mente racional.

Da rexión máis primitiva do cerebro que compartimos con todas as especies que só dispón dun rudimentario sistema nervioso (talo encefálico) emerxeron os centros emocionais que millóns de anos máis tarde deron lugar ó cerebro pensante (neocórtex) ese gran lóbulo de tecidos repregados

«Partimos da premisa de que a evolución das especies non foi rexida pola intelixencia do individuo, senón polo Universo».



«A intelixencia académica ten pouco que ver coa vida emocional».



sobre si mesmos configuran o estrato superior do sistema nervioso.

O feito de que o cerebro emocional sexa moito máis anterior que o racional, e que esta sexa unha derivación daquel, revela con claridade as auténticas relacións existentes entre o pensamento e o sentimento.

A rexión emocional (zona límbica) é o substrato a partir do que medrou e se desenvolveu o cerebro pensante, seguen estando estreitamente conectados un co outro por múltiples circuítos neuronais. Isto é o que dota ós centros da emoción dun poder extraordinario para influír no funcionamento global do cerebro (incluídos os centros de pensamento).

Segundo LeDoux suponse a existencia de vías nerviosas para os sentimentos que eluden o neocórtex, este circuíto explicaría o gran poder das emocións para desbordar a razón, porque os sentimentos que seguen este camiño directo á amígdala son máis intensos e primitivos.

Anatomicamente do neocórtex, existindo certas reaccións e recordos que se producen sen a menor participación cognitiva consciente. (LeDoux).

Como almacén da memoria emocional, a amígdala, rexistra a experiencia presente e compáraa co sucedido no pasado, o método de comparación é asociativo, por iso nos fai reaccionar no presente con respostas gravadas no pasado, con pensamentos, emocións e reaccións aprendidas e, contestacións e acontecementos vagamente similares; así conxuntamente a eses recordos cargados emocionalmente, que teñen o poder de desencadear unha resposta nun momento crítico, coexisten tamén formas de respostas caducas.

A aprendizaxe emocional é tan poderosa porque está asentada na amígdala coa pegada basta e non verbal propia da vida emocional, estas primeiras leccións emocionais imprimíronse nun tempo no que aínda non tiñamos palabras (de nenos/as), e cando se reactiva o correspondente recordo emocional (na vida adulta), non existen pensamentos articulados sobre a resposta que debemos tomar. Motivo que explica o noso desconcerto ante estalidos emocionais, que adoitan datar dun período anterior, no que as cousas nos desconcertaban, pero non dispoñiamos de palabras para comprender o que sucedía. Estas rudimentarias confusións emocionais baseadas en sentir antes que pensar, son cualificadas por LeDoux como –emocións precognitivas– reaccións baseadas en impulsos neuronais fragmentarios, en bits de información sensorial, que non se rematou de organizar para configurar un obxecto recoñecible.

O intelecto non pode funcionar debidamente sen o concurso da intelixencia emocional e, a precisa complementación entre o sistema límbico e o neocórtex, entre a amígdala e os lóbulos prefrontais, é necesaria. Só entón, coa participación harmónica entre ambos, se pode falar de intelixencia emocional e capacidade intelectual.

A intelixencia académica ten pouco que ver coa vida emocional, o C.I. parece aportar soamente un 20% de factores determinantes do éxito, o 80% restante depende doutros factores, entre outras, características chamadas –intelixencia emocional– como a capacidade de motivarnos a nós mesmos, de perseverar no empeño a pesar das posibles frustracións, de controlar os impulsos, de diferir as gratificacións, de regular os estados de ánimo, de evitar que a angustia interfira nas nosas facultades racionais e da capacidade de empatizar e confiar nos demais.

As persoas que non controlan a súa vida emocional debátense en constantes loitas internas que socavan a súa capacidade de traballo e impídelles pensar con suficiente claridade.

É importante a observación para comprender os sentimentos dos demais, elaborar os mapas sociais require ter unha gran sensibilidade que sen dúbida é outro tipo de talento.


O substrato da pericia respecto das diversas capacidades e habilidades ten sen dudalo unha base neurolóxica, pero o cerebro é asombrosamente plástico e está sometido a un continuo proceso de aprendizaxe.

Segundo a lóxica de neurociencia, a ausencia dun determinado circuíto neuronal conduce a unha deficiencia á hora de percibir e expresar os sentimentos. A fortaleza ou debilidade deses circuítos prefrontais desempeña un papel importante na conciencia das emocións, xustificando, ás veces, o que determinadas persoas poidan detectar con máis facilidade qua outras a excitación propia do medo, da alegría, etc. E sexan máis conscientes das súas emocións.

A capacidade para a introspección psicolóxica tal vez estea tamén relacionada cos circuítos neuronais. Hai persoas que están máis sintonizadas coas modalidades simbólicas propias da mente emocional; metáfora, analoxía, poesía, etc. Campos todos eles da linguaxe do corazón.

Os que sintonizan coa voz do corazón, coa linguaxe das emocións son máis proclives a escoitar as súas mensaxes; novelistas, pintores, psicoterapeutas, etc. Esta sintonía interna fainos máis aptos para ouvir as verbas de sabedoría do inconsciente, para captar os significados dos seus soños, das súas fantasías, símbolos que encarnan os nosos desexos máis íntimos.

Gran parte da nosa vida emocional é inconsciente como sinala Freud, e os nosos sentimentos non sempre conseguen cruzar o umbral da conciencia, as persoas relacionan cousas que viron



anteriormente. Calquera emoción pode ser e, normalmente, é inconsciente.

O feito de facer calar ás emocións conduce o embotamento e á apatía e a súa expresión desenfreada á depresión, ansiedade, cólera, axitación, etc.

A vida emocional das persoas que perciben máis é máis rica.

A conciencia dun mesmo é a habilidade básica que nos permite controlar os nosos sentimentos e adecualos ó momento. Cando somos capaces de poñer palabras ó que sentimos, apropiámonos del.

Grazas á linguaxe (interior, falada, escrita, etc.) podemos dirixir o noso pensamento, corrixilo e desenvolvelo.

A escritura serve tanto para pensar como para comunicar, coa escritura investigamos por tenteos e creamos modos de aproximación a percepción da realidade.


O desacougo dunha actividade celular intensa fai que se poña en vixilia o enramado neuronal para tratar de acadar a maior conciencia posible do que sentimos. Ás veces os pensamentos e as sensacións mestúranse nun caos inintelixible para o idioma, e as palabras non acertan coa natureza apropiada dos sentimentos, porque o legado histórico dos signos do noso pensamento non se identifican co actualmente vivido. A loita ata conseguir a harmonía case sempre é dura, porque as claves da organización do pensamento creativo adoitan ser o desequilibrio e a perturbación.


Escribir é tomar conciencia das situacións vitais, interiorizalas, desvelar e valorar desexos, actitudes, etc. dándolles forma, tratando de convertelas en arte.

O escritor, o poeta é un inventor de novas palabras, aínda que sexa á conta das vellas, é o catalizador das reaccións vitais que bulen na actividade transformadora da realidade, pois forman parte da paixón do ser por existir, da imaxinación colectiva da humanidade, e aínda que a autoridade do escritor, do poeta, está baseada na maxia e na intuición, non por iso é menos importante, nin menos útil.

Sabemos que o acto intuitivo é un acto primitivamente intelixente, feito automático por unha serie de repeticións e como consecuencia de asociacións. A intelixencia non é o perfeccionamento do instinto, senón ó contrario, os estudios dos instintos e da súa evolución contribúen a reconstruír tanto certas condicións do pasado, como a evolución das especies, e nada hai máis importante que ser.

«A conciencia dun mesmo é a habilidade básica que nos permite controlar os nosos sentimentos e adecualos ó momento».





A MIN TAMÉN ME ASASINARON

A MIN TAMÉN ME ASASINARON

por Hortensia Pérez Landeira

Eu era unha moza feliz. Estaba namorada e casei. Cando tiven ó meu primeiro fillo, a miña felicidade fíxose total, parecíame que xa non precisaba nada máis. Non obstante, case sen darme conta e moi pouco a pouco, no meu matrimonio empezaron a pasar cousas que parecían non ter importancia. Naceu o meu segundo fillo, unha nena, e crin que aquel acontecemento cambiaría a nosa convivencia que se deterioraba cada vez máis.

As ameazas solapadas seguidas do consabido "perdóame isto non volverá a suceder"... co paso do tempo convertéronse en maltrato físico. O alcohol foi cambiando o seu carácter de forma irreversible. Tanto, que cando chegaba a casa, eu cos meus fillos escondiamonos en calquera cuarto esperando a que o león se durmira.

As ameazas de morte fixéronse claras e continuas e levaban implícita a advertencia de que non se me ocorrera abandonalo.

Eu sabía que a miña vida estaba caendo nun abismo sen final, e intuía que comigo arrastraría ós meus fillos. Non podía entender o que me estaba a pasar. ¿por que era tan débil?, ¿por que non me rebelaba? O medo que me inspiraba o meu marido tíñame atenazada. Impedíame romper cunha situación que me tiña anulada como persoa, até o extremo de non estimarme, de odiarme por non ter a vitalidade suficiente para fuxir cos meus fillos, daquela vida degradante.

Un día decidín pedir axuda, mais as persoas que fan as leis e as aplican ignoráronme. Non lle deron importancia ó que eu lles contaba. Só eran malos tratos. Aínda non me matara. O consello que recibín foi que debería marchar da miña casa cos meus fillos e aí acabaría o problema. Esta solución formuleilla a el, e isto fixo que as cousas empeoraran aínda máis.

Un día chegou a casa cheo de ira. Era un ser fóra de todo control. Non vou entrar en detalles que me farían sufrir e vivir novamente aquela espantosa noite. Tan só direi que cando trataba de fuxir cos meus fillos apuñaloume unha e outra vez. Eu co meu corpo protexía os meus fillos e conseguín salvalos. Pero para min xa era tarde, moi tarde. Estaba morta. Era unha máis sen nome nin apelidos, que engrosaba unha nefasta lista de víctimas da intolerancia e a forza bruta.

«Agora para min xa nada ten remedio. Non podo deixar de pensar,... ¿por que estou morta? Eu nunca fixen dano a ninguén. ¿Por que sufro? Eu non sei o que son agora, ninguén me dá respostas».

Sempre estiven convencida de que aínda que nós nos emancipemos, acudamos á universidade, e desempeñemos traballos importantes, son poucos os homes que chegan a cambia-lo concepto que teñen das mulleres. Para a maioría somos inferiores a eles, sen posibilidade de desenvolvernos intelectualmente. En consecuencia ningunha lei pode CAMBIAR isto, mentres os homes non modifiquen os seus razoamentos acerca das mulleres e nós non nos decidamos a tomar conciencia da nosa valía como persoas.



Sufro cando falan dos nosos asasinos coa suave e incorrecta definición de "violencia de xénero" ou "violencia doméstica". Son moitas as mulleres que están a loitar polos nosos dereitos e caen nese mesmo erro. As persoas que me coñeceron saben que sempre estiven en contra deses termos. É posible que non saiban que na nosa gramática xénero non corresponde a persoas, non é sinónimo de sexo, e que a violencia non sempre é doméstica. ¿Por qué non teñen a valentía, a honradez de chamarlle "violencia contra a muller" ou "violencia sexista"?

León Tolstoi en "La sonata a Kreutzer", pon en boca dun dos seus personaxes: ... *a escravitude foi abolida, mais sabemos que aínda existe, pois ós homes gústalles aproveitarse do traballo dos seus semellantes. Sempre haberá homes máis fortes e máis astutos que saiban facelo.O mesmo ocorre coa emancipación da muller. A súa escravitude consiste en que eles a consideran un instrumento de pracer. Emancípana e concédenlle dereitos iguais ós seus, pero na práctica case todo, ou todo, permanece inalterable. A muller é unha escrava humillada, e o home un propietario depravado.*

Impresionoume a actualidade destas reflexións, cando unha vez más lin esta obra de Tolstoi. Entendina mellor, e comprendín que alguén sabía o que me estaba a pasar.

Agora para min xa nada ten remedio. Sempre me invadirá o terror daquel día aciago, cando el me asasinou. Non podo deixar de pensar,... ¿por que estou morta? Eu nunca fixen dano a ninguén. ¿Por que sufro? Eu non sei o que son agora, ninguén me dá respostas.

Quizais forme parte do cosmos para sempre.

AMNISTÍA INTERNACIONAL LANZA UNHA CAMPAÑA MUNDIAL PARA COMBATER A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES,



VERDADEIRO CANCRO E ATROCIDADE PARA OS DEREITOS HUMANOS

As imaxes foron tomadas na Marcha Mundial das Mulleres, os días 22-23 de Maio deste ano, en Vigo.



"A violencia contra as mulleres é un cancro que vai consumindo por dentro a sociedade mesma en todos os países do mundo" manifestou a secretaria xeral de Amnistía Internacional, Irene Khan, con motivo do lanzamento dunha campaña que vai levar a cabo a organización en todo o mundo para combater a violencia contra as mulleres.

Na guerra e en tempo de paz, as mulleres son víctimas de atrocidades polo simple feito de ser mulleres. Millóns de mulleres son agredidas, golpeadas, violadas, mutiladas, mortas, e incluso se lles nega o dereito a nacer. En todo o mundo, polo menos unha de cada tres mulleres sofre violencia grave algunha vez na súa vida.

Co lanzamento da súa campaña mundial "Non máis Violencia contra as Mulleres", Amnistía Internacional anima a todos os homes e mulleres a actuar con urxencia para poñer fin a esta indignante atrocidade.

"Non é algo que aconteza por aí. Está pasando aquí mesmo. Non é algo que lles pasa só a outros. Pásache a ti, ás túas amigas e á túa familia. Mentres todos nós, homes e mulleres, non digamos: Non, non o vou permitir, seguirá ocorrendo", explicou Irene Khan.

"A violencia contra as mulleres é unha atrocidade contra os dereitos humanos, porque estes non son simplemente un conxunto de leis e obrigas, senón que dan expresión tamén á promesa de que, con igualdade, nos asisten a todos os mesmos dereitos. A violencia contra as mulleres é o profundo abismo que separa esa promesa da vontade de facer que se cumpra que teñen os gobernos, as autoridades locais e os líderes relixiosos, económicos e comunitarios".

No informe *Está nas nosa mans: non máis violencia contra as mulleres,* Amnistía Internacional revela as múltiples causas da violencia, expoñendo situacións que abarcan desde os conflictos armados até a violencia no ámbito familiar e as daniñas prácticas tradicionais co que se intenta ás veces controlar a sexualidade da muller.

"Durante os conflictos, a violencia ameaza ás mulleres de múltiples formas. Nenas soldado que son violadas sistematicamente por membros das súas propias tropas; mulleres e nenas civís ás que se mutila, viola e mata ó utilizalas como armas de guerra; intensificación da violencia no ámbito fa-/

«Na guerra e en tempo de paz, as mulleres son víctimas de atrocidades polo simple feito de ser mulleres».

«... os gobernos non se ocupan do auténtico *terror* a que millóns de mulleres teñen que facer fronte cada día no noso mundo».

miliar cando os soldados regresan a casa, os conflictos armados teñen para as mulleres terribles e devastadoras consecuencias, moito máis graves que a mera violencia inherente á guerra".

Resaltando tamén o problema mundial da violencia no fogar e na comunidade, Amnistía Internacional pon en evidencia a todos os países do mundo por non protexer ás mulleres nas súas propias casas.

"Tras a porta pechada da súa casa, as mulleres sofren en secreto a violencia da súa parella e dos seus familiares, demasiado asustadas e avergonzadas para contalo sabendo que raras veces as toman en serio cando o contan", engadiu a secretaria xeral de Amnistía Internacional.

"Incluso cando existe lexislación para prever e castigar tal violencia, é habitual que as autoridades non a apliquen, e nalgunhas zonas os sistemas paralelos de autoridade, como os líderes comunitarios ou relixiosos, permiten de feito que a violencia persista".

"En todas partes, desde o campo de batalla ate o dormitorio, as mulleres corren especial perigo. Son as primeiras que sofren a falta de servicios sociais, as primeiras ás que se lle nega a educación e a atención médica. Os efectos da globalización económica están deixando a un número crecente de mulleres sumidas na pobreza á marxe da sociedade. A pobreza fai que estean aínda máis expostas a sufrir violencia e que sexan menos capaces de escapar dela. Restrinxe gravemente a súa capacidade para organizarse e loitar para conseguir cambios. Neste aspecto, como en moitos outros, os gobernos non se ocupan do auténtico *terror* a que millóns de mulleres teñen que facer fronte cada día no noso mundo".






Amnistía Internacional rende homenaxe ás organizacións de mulleres de todo o mundo polos enormes progresos que fixeron nas últimas décadas na súa loita contra a violencia e pola xustiza e a igualdade.

"Como organización de dereitos humanos, imos mobilizar ós nosos membros e partidarios de todo o mundo. Pediremos a participación tanto de homes como de mulleres".

"Os homes deben desempeñar un papel decisivo si queremos poñer fin á violencia contra as mulleres", sinalou Irene Khan.





NOTICIAS ATENEOS

Convocada reunión da Xunta Directiva de A.I.F.A.
da que o ATENEO FERROLÁN forma parte como VOCAL.
Terá lugar en México (Aguascalientes e Guadalajara) do día 25 ó 29 de agosto

O ATENEO CIENTÍFICO, LITERARIO Y ARTÍSTICO DE ALICANTE...

Envíanos periodicamente o o seu Boletín informativo. O de marzo 2004, é o nº 149. Dende FERROL, gracias MARIBEL BERNÁ BOX, eficiente e animada Presidenta.

ATENEO DE LISBOA...

Raúl José Godinho Días trasmitiunos o pasado 18-03-04 a súa decisión de deixar o cargo de Presidente da Direçao do Ateneo Comercial de Lisboa por motivos de saúde. Un gran ateneísta e un bo amigo. Substitúeo o Dr. Joâo Baptista Mendes Gaspar. ¡Parabéns!.

ASOCIACIÓN DE ATENEOS DE ESPAÑA...

O pasado día 05.06.04 celebrouse no Ateneo de MADRID unha reunión, un tanto precipitada, desta Asociación. Acordouse un calendario de reunións, cara ó outono próximo para ultimar a aprobación dos novos Estatutos e a elección de nova Xunta Directiva.

ATENEO SANTA CECILIA DE MARIN...

Recibimos o Boletín Informativo-Cultural nº 13. Modesta pero interesante publicación que nos fala das actividades deste ATENEO irmán.

ATENEO CULTURAL DE CUBA...

Saudamos á nova Presidenta Lic. ROSAIDA SAVIGNE SÁNCHEZ deste ATENEO de Santiago de Cuba que ven de relevar a un bo amigo FORTUNATO RAMÓN ÁLVAREZ CORTES.

ATENEO DOMINICANO...

SOLIDARIEDADE co pobo dominicano, duramente castigado ultimamente polas forzas da natureza. Transmitimos os nosos sentimentos ó Presidente Dr. Henry Mejía Oviedo.



IN MEMORIAM

"O BAHIA"

Recoñecemento, Solidariedade, Admiración, Amor ... Asombro ... o MAR

ESTAMOS CON TODOS, VECIÑOS DA COSTA DA MORTE



A PACUCHIÑA.
Para unirla en la palabra
con lo que no pudo ser.

NO QUIERO
(TESTAMENTO DE LA ABUELA)

No quiero
que me quieras
porque no quiero
que sufras.

No quiero
que me mires,
porque sé
que me conoces.

No quiero
que me sigas,
porque temo
equivocarme.

Quiero
que reconozcas
tus defectos
medrarás TOLERANTE.

Quiero
que crezcas
solidario
te hará PERSONA.

Quiero
avidez
por el saber,
te hará LIBRE.

Quiero
que dudes:
sólo los necios creen
que conocen la verdad.

Quiero
..... TE QUIERO.

Maio 2004. Día 26 **Tono da Graña**

EN ESE TREN ÍBAMOS TODOS

SILENZO

O sinal en forma de ausencia,
do son sen vibración,
das imaxes invisibles.
Algo mudou
neste loito atroz
polo 11-M.

Non sabemos por qué.
Temos medo
da pregunta inquedante:
¿Quen?

Atrás quedaron
o barullo incesante das televisións
e a letanía polifónica das radios.
Os xornais de hoxe son grandes esquelas

Trememos de indignación e de dor.
Hoxe non é momento para pensar,
pero debemos pensar.
No xoves as mochilas.
No domingo as xerais.
¿E agora que?

Silenzo.
Dor.
Medo.
E o deber de pensar.
Basta xa de terror.
Basta de vidas roubadas baixo calquera signo.
Basta.

Silenzo.

Mañá reflexionaremos
sobre as mentiras de Estado.
O domingo enfrontaremos o papel en branco.
Mais hoxe en Compostela
a multitude marcha en procesión laica,
como nunca se marchou nesta Terra,
cos políticos xuntos tralas pancartas,
e a xente calada.
Sen unha canción.
Sen unha troula.
Só os aplausos que estouran o silenzo.
E os berros:
"¡Basta xa!"

Mans brancas.
Nós que aínda as tiñamos tan negras de chapapote.
Nós que aínda temos praias de esperanza.
¿E agora que?

Hoxe o medo ás mentiras.
Hoxe o medo ás mentiras de Estado.
Mañá reflexionaremos,
e o domingo os sobres brancos serán
o noso silenzo: "¡Basta xa!"

25-3-04 **Óscar Curros Moure**



RUN-RUM A.Xenoa


Presenta:

A TODO FILISPIN

Sábado 31 de xullo 2004
Parque "Raíña Sofía"

JOSELE SANTIAGO
(ex Enemigos)

O´FUNK´ILLO



VIOLADORES DEL VERSO

LOOM

Apertura de portas: 21:00 h.

Venda anticipada: 15 € No Concerto: 18 €

PUNTOS DE VENDA

FERROL: Tipo, Discos Jofil, Manchita Cosa, Centro Comercial Alcampo
CEDEIRA: Bar Universal / A CORUÑA: Portobello / SANTIAGO: Discos Gong / LUGO: Skoita

www.atodofilispin.com

OUTRAS ACTIVIDADES

1ª Mostra "Poteira films"
Proxección de curtametraxes, videoproxeccións, videoclips, etc...

1º Certame "Ferrol Flash"
Exposición de fotografía

Patrocina:









Emisora Oficial:




Colabora:
















1º Premio do XIV Certame Fotográfico de Medio Ambiente 2004

"Otoñal"

Luis Antonio Gil Pellin

Quart de los Valles. Valencia



ATENEO FERROLÁN